

DIAGNÓSTICO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIÉNICO-SANITARIAS PERANTE O SARS-COV-2 NA CADEA DE VALOR DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO



Índice

Xustificación	5
Obxectivo	6
Eido de aplicación	7
Datos estatísticos de 2019	10
Procedencia	11
Poboación	12
NORMATIVA	18
Fontes de consulta	18
Principais documentos de traballo	19
Recomendacións Oficiais de Autoridades Sanitarias contra a COVID-19	19
Outras recomendacións e guías:	19
Recomendacións de entidades oficiais - ICTE	20
TIPOLOXÍA E EQUIPAMENTO DOS RECURSOS TURÍSTICOS	21
Recursos turísticos	21
Espazos turísticos en exteriores	21
Edificios de carácter turístico	22
Dependencias, instalacións / equipamentos e servizos	22
IDENTIFICACIÓN DE RISCOS	26
Vías de contaxio	26
Métodos de contención do risco de contaxio	26
Criterios para identificar riscos	27
CATEGORIZACIÓN DO RISCO	28
Concepto de categorización do risco	28
Sistema de categorización do risco	28
Método de William Fine	28
Aplicación do Método Fine á COVID-19	29
Táboa de valoración da categorización ao risco	31
Valores de categorización do risco para cada tipoloxía de recurso turístico	31
Valores de categorización do risco para cada tipoloxía de recurso	33
Factor de corrección do risco	35
Definición do factor de corrección do risco	35
	2

Variables do factor de corrección	35
Táboa de valoración do factor de corrección	40
Períodos de ocupación	41
DEFINICIÓN DE ÁREAS	42
Identificación de áreas de especial seguimento	42
Identificación de recursos turísticos	43
CAPTACIÓN E ANÁLISE DA INFORMACIÓN	45
Metodoloxías para captar a información	45
Formularios e enquisa de diagnóstico e validación	46
Inxestión de datos (Big Data)	46
Metodoloxías para analizar a información	48
Enriquecemento de datos regresivos xeoespaciais	48
Validación de datos obtidos polos responsables municipais	49
MECANISMOS DE COORDINACIÓN	50
Comité de Xestión	50
Protocolo de comunicación interno	53
TIPOLOXÍA DE MEDIDAS	54
Medidas de control de capacidade e distanciamento	55
Medidas de limpeza e desinfección	56
Medidas de información e comunicación	57
Medidas de protección individual	58
Importancia do mantemento preventivo	58
SISTEMA DE CÁLCULO DE CAPACIDADE	60
Cálculo de capacidade en espazos turísticos exteriores	61
Prazas / Miradoiros / Parques / Auditorios	62
Avenidas / Rúas / Paseos / Bulevares	63
Estradas comarcais	63
Sendas peonís	64
Espazos naturais protexidos	65
Praias / Ribeiras/ Piscinas	67
Cálculo de capacidade en edificios de carácter turístico	70
RECURSOS	73
Recursos humanos	73
Recursos materiais	73
CONTROL E SEGUIMENTO	74
	3

Control de medidas aplicadas	74
Axustes do plan de continxencia	74
GLOSARIO	75

LIMIAR

Xustificación

A situación actual co contexto do virus SARS-CoV-2, coñecido comunmente como COVID-19, supón unha ameaza para a seguridade en materia de saúde para as persoas.

Coa intención de **minimizar os riscos hixiénico-sanitarios perante a pandemia**, torna necesario establecer unha serie de ferramentas para evitar o contaxio entre as persoas residentes como para traballadores e peregrinos. A finalidade é combater esta doenza desde a súa orixe, limitar a propagación e reducir os riscos mediante a adopción dunha serie de medidas.

Nesta situación é especialmente importante establecer sistemas e protocolos de prevención que permitan a apertura e o uso de determinadas instalacións (en especial as relacionadas co turismo e o lecer) sen que por iso aumente o risco de contaxio comunitario nin se poña en perigo ao persoal traballador do sector nin ó conxunto da sociedade.

Por mor da súa fisionomía e operativa, cada ruta do Camiño dispón dalgúns recursos turísticos que implican riscos inherentes pola proximidade entre usuarios/peregrinos e contacto con elementos comúns.

Desde o comezo da pandemia, as entidades sanitarias están a traballar con diferentes entidades gobernamentais como o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ou o Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), e emitiron recomendacións, normas e plans de medidas xerais para retomar as actividades. Porén, estas recomendacións xerais deben de se aplicar a cada organización, consonte a súa natureza, servizos, instalacións, etc,

para seguir ofrecendo o servizo coas maiores garantías posibles para os usuarios. Os responsables decidiron redactar o presente **plan de continxencia xenérico onde se han identificar cada un dos recursos turísticos localizados nos diferentes itinerarios e que servirá de base e guía para establecer as medidas**. Deste xeito, procurarase que a toma de decisións e as actualizacións preventivas se realicen coordinadamente en todos os recursos do traxecto.

Obxectivo

Perante a situación de risco de contaxio pola pandemia xerada polo coronavirus SARS-CoV-2 torna necesario establecer directrices e recomendacións que permitan gozar, en condicións de seguridade, do **Camiño de Santiago**.

A finalidade deste documento é elaborar un plan de continxencia para os diferentes recursos que poidan acharse nas diferentes rutas do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia que rexa e coordine todas as actuacións perante a COVID-19.

Aínda que a casuística é ampla e cada recurso turístico ten características de seu, a meirande parte dos riscos inherentes son comúns a moitos deles, xa que os servizos ofertados comparten aspectos. Por iso, o documento preséntase de maneira xeneral e o máis completa posible: nunha primeira parte establécese a metodoloxía de identificación dos recursos turísticos e aspectos xerais, e na segunda parte analízanse en detalle cada un destes recursos.

Para redactar o plan ha considerarse:

- A probabilidade de contaxio
- A tipoloxía de exposición
- O grao de exposición
- A ocupación
- O persoal afectado (empregados, usuarios, residentes, etc.)

Após identificar os potenciais focos de contaxio, poderanse proxectar e establecer procedementos e mecanismos de prevención, detección e mesmo contención dos posibles contaxios.

Calquera decisión ou medida terá por obxecto principal protexer os empregados e usuarios mellorando as condicións de seguridade e aumentando o seu grao de satisfacción e sensación de seguridade e confort.

Cinco son os grandes eixos obxectivos sobre os que xira a toma de decisións:

1. Asegurar a **distancia entre persoas** nas instalacións.
2. **Definir os mínimos para abordar a limpeza e desinfección** dos espazos e obxectos en contacto coas persoas.
3. **Informar a quen** utilice o recursos turístico (traballadores e usuarios) dos riscos e das medidas de prevención dispoñibles e obrigatorias.
4. **Fornecer mecanismos e material de protección individual** para as persoas.
5. **Airear os espazos** polo menos 1 vez ao día e durante un tempo que garanta a renovación do aire.

Após establecer as medidas, os responsables municipais de cada tipo de recurso turístico asumen un compromiso firme coa xestión e do risco e comprométense a vixiar o correcto funcionamento destas. Para iso, os distintos procedementos estarán coordinados entre si, cumprindo sempre coas recomendacións e pautas ditaminadas polas autoridades sanitarias en relación coas medidas especiais perante a COVID-19.

Eido de aplicación

O presente documento analiza a morfoloxía e os equipamentos do **CAMIÑO DE SANTIAGO** identificando os recursos turísticos con posibilidade de contaxio, por uso ou proximidade, nos que se concentra a meirande parte dos visitantes.

Hanse ter en consideración os diferentes itinerarios establecidos e máis polo miúdo nos diferentes tramos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Xa que logo, consideraranse rutas principais as seguintes:

Camiño Francés

O Camiño Francés é o itinerario xacobeo con maior tradición histórica e o máis recoñecido internacionalmente.

Vía da Prata

Procedente de Andalucía e Estremadura, entra en Galicia polas Portelas do Padornelo e da Canda, e pasa polo sector setentrional do val de Monterrei e da Limia ata chegar a Ourense.

Camiño Inglés

Pola súa situación estratéxica, Ferrol e A Coruña son os puntos de orixe das dúas alternativas do Camiño Inglés. Esta ruta marítima seguírona os islandeses e escandinavos que peregrinaron a Santiago.

Camiño Primitivo

O Camiño Primitivo de peregrinación a Compostela foi o utilizado polos primeiros devotos chegados do nacente reino asturiano. Trátase, xa que logo, do primeiro itinerario xacobeo.

Camiño do Norte

O orixe da peregrinación a Santiago pola ruta da costa astur-galaica remóntase a momentos inmediatamente posteriores ao descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago o Maior.

Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla

Esta ruta marítimo-fluvial pola ría de Arousa e o río Ulla conmemora a chegada a Galicia, por mar, do corpo do apóstolo Santiago o Maior, após o martirio que padeceu en Xerusalén no ano 44.

Camiño Portugués

Esta ruta colleu sona sobre todo a partir do século XXI, após a independencia de Portugal. O seu trazado atravesava vías e camiños antigos, como a Vía XIX, construída no século I d.C e que unía Braga con Astorga a través de Ponte de Lima, Tui, Pontevedra, Santiago e Lugo.

Camiño Portugués da Costa



O Camiño Portugués da Costa entra en Galicia pola vila mariñeira da Guarda, tras cruzar o río Miño na súa desembocadura.

Nos camiños distínguense tres tipos de vías:

- **Senda peonil:** na que a meirande parte do camiño transcorre por unha vía sen apenas interferencias, xa que o sentido da ruta é o mesmo.
- **Estrada comarcal:** é o segundo tipo de vía máis empregado, no que é posible achar algún punto de interferencia illado, por mor de cruzamentos e cambios de sentido.
- **Vía pública urbana:** é o tipo de vía do camiño no que se fará un seguimento especial, xa que o sentido de circulación dos peregrinos pode interferir co dos viandantes das poboacións polas que pasa.

Analizaranse neste aspecto diferentes puntos ou poboacións:


- poboacións de paso: non consideradas como etapa. Contan cun menor número de servizos e non determinan unha posibilidade de contaxio.
- puntos de etapa: é o núcleo de poboación no que se inician ou finalizan as rutas do camiño;
- puntos de confluencia: son todos os núcleos de poboación;
- puntos de saída: correspóndense cos núcleos de poboación onde se inician as distintas rutas do camiño, na súa maioría poboacións con maior número de habitantes que os puntos de etapa e confluencia;
- puntos de destino: a chegada das distintas rutas ao final do seu traxecto (Santiago de Compostela) é o punto máis conflitivo de todas as rutas, xa que 100 % dos peregrinos que inician a ruta conflúen neste punto e interactúan cunha poboación alta de residentes, así como de peregrinos.



Datos estadísticos de 2019

347 578 peregrinos visitaron a Oficina de Acollida do Peregrino en Santiago de Compostela. Isto supón un récord con respecto aos exercicios anteriores: en 2018, por exemplo, superouse por primeira vez a barreira dos 300 000, con 327 378 peregrinos.

Como chegaron os peregrinos a Santiago?




As rutas


- Camiño Francés: 189 937 peregrinos (54,65 %)
- Camiño Portugués: 72357 (20,82 %)
- Camiño Portugués da Costa: 22292 (6,41 %)
- Camiño do Norte: 19019 (5,47 %)
- Camiño Inglés: 15 780 (4,54 %)
- Camiño Primitivo: 15715 (4,52 %)
- Vía da Prata: 9201 (2,65 %)
- Muxía-Fisterra: 1548 (0,45 %)
- Camiño de Inverno: 1035 (0,3 %)
- Outros camiños: 694 (0,2 %)

Procedencia

Dos 347 578 peregrinos que obtiveron a Compostela, 146 350 eran españois e 201 228 doutros países.




Idade



- Entre 30 e 60 anos: (54,52%)
- Menos de 30 anos: (26,75%)
- Maiores de 60 anos: (18,73%)

Motivación



Poboación

Poboación dos concellos polos que pasan as diferentes rutas do Camiño de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia.

NOME DO CONCELLO	POBOACIÓN
A Coruña	245 711
A Estrada	20 479
A Fonsagrada	3465
A Guarda	9977
A Gudiña	1254
A Illa de Arousa	4926
A Mezquita	1023
A Pobra do Brollón	1648
A Pobra do Caramiñal	9338
A Rúa	4314
Abadín	2367
Abegondo	5406
Allariz	6188
Ames	31 793
Amoeiro	2280

Arzúa	6041
Baiona	12122
Baleira	1241
Baños de Molgas	1519
Barreiros	2934
Barro	3680
Begonte	3026
Betanzos	12 959
Boimorto	1985
Boiro	18838
Boqueixón	4220
Cabanas	3281
Caldas de Reis	9785
Cambados	13 744
Cambre	24 648
Carballeda de Valdeorras	1545
Carral	6408
Castrelo do Val	984
Castroverde	2617
Catoira	3335
Cee	7546
Chantada	8192
Coles	3050
Corcubión	1589
Cualedro	1679
Culleredo	30 402
Dodro	2768
Dozón	1082
Dumbría	2983
Fene	12 944
Ferrol	36 075
Fisterra	4708
Friol	3744
Guitiriz	5484
Guntín	2690
Lalín	20 218

Laza	1228
Lourenzá	2140
Lugo	98 276
Mazaricos	3885
Meaño	5272
Melide	7406
Mesía	2530
Miño	6200
Mondoñedo	3568
Monforte de Lemos	18 433
Monterrei	2529
Monterroso	3616
Mos	15 078
Muxía	4657
Narón	39 080
Neda	5079
Negreira	6827
Nigrán	17 675
O Barco de Valdeorras	13 395
O Grove	10 650
O Pino	4641
O Porriño	19 848
O Rosal	6234
O Saviñao	3735
Oia	3053
Oímbra	1712
Ordes	12 674
Oroso	7500
Ourense	105 233
Paderne	2394
Paderne de Allariz	1384
Padrón	8384
Palas de Rei	3388
Pantón	2542
Paradela	1779
Pedrafita do Cebreiro	1001


Piñor	1176
Pontecesures	3052
Pontedeume	7777
Pontevedra	83 029
Portas	2940
Portomarín	1471
Quiroga	3207
Redondela	29 218
Rianxo	11 033
Ribadeo	9854
Ribeira	26 886
Riós	1516
Rodeiro	2437
Rois	4512
Rubiá	1393
Samos	1278
San Cibrao das Viñas	5405
San Cristovo de Cea	2137
Sandiás	1206
Santa Comba	9426
Santiago de Compostela	97 260
Sanxenxo	17 347
Sarreaus	1162
Sarria	13 330
Silleda	8687
Sobrado	1758
Soutomaior	7395
Taboadela	1429
Teo	18 579
Toques	1124
Trabada	1118
Trasmiras	1286
Triacastela	641
Tui	16 701
Valga	5869
Vedra	5036

Vedra	14 286
Verín	13 723
Vigo	295 364
Vilaboa	5874
Vilagarcía de Arousa	37 456
Vilalba	14 072
Vilamarín	1854
Vilamartín de Valdeorras	1790
Vilanova de Arousa	10 302
Vilar de Barrio	1307
Vilardevós	1846
Vilariño de Conso	519
Vilasantar	1213
Xinzo de Limia	9715
Xunqueira de Ambía	1375

Menor poboación

Maior poboación





Unha vez localizados os focos de risco, analizaranse e clasificaranse para establecer as medidas e reducir o risco de contaxio.

Determinaranse as medidas mínimas e os protocolos necesarios para cada recurso turístico, a fin de reducir o máximo posible o risco de contaxio. A responsabilidade de aplicar e ampliar, se for necesario, estas medidas recaerá sobre os encargados municipais.

É importante sinalar que os responsables municipais deberán de velar polo cumprimento das medidas de prevención e seguridade establecidas.

NORMATIVA

Fontes de consulta

O presente documento redactouse empregando a extensa documentación existente emitida pola Organización Mundial da Saúde (OMS), diversos organismos públicos do Goberno de España e entidades públicas.

Entre as fontes de información consultadas destacan:

1. Organización Mundial da Saúde (OMS)
2. Ministerio de Sanidade do Goberno de España
3. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno de España
4. Consellería de Saúde e Familia da Junta de Andalucía.
5. Consellería de Turismo, Rexeneración, Xustiza e Administración Local da Junta de Andalucía
6. Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE)
7. Especificacións UNE 0066 para os diferentes eidos de aplicación. As

imaxes empregadas no plan proveñen das seguintes páxinas web:

- Páxinas web oficiais do Goberno de España, en especial do Ministerio de Sanidade
- www.elements.envato.com
- www.pexels.com
- www.unsplash.com
- www.canva.com

Para a aplicación efectiva deste documento, os responsables do deseño e implantación do plan de continxencia deben de dispor de información actualizada e coñecer a normativa de aplicación que puidese xurdir ou modificarse. E, no seu caso, actualizar o plan de continxencia para adaptalo á nova situación, co gallo de evitar e diminuír os riscos inherentes.

Principais documentos de traballo

A pesar de existir unha cantidade inxente de información en relación coa pandemia COVID-19, destacan varios documentos pola relevancia que teñen no contexto do plan de continxencia.

Recomendacións Oficiais de Autoridades Sanitarias contra a COVID-19

1. Recomendacións da OMS sobre os riscos (<https://www.who.int/teams/risk-communication>)
2. Información para a cidadanía sobre a COVID-19 achegada polo Ministerio de Sanidade
(<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm>)
3. Listaxe de produtos virucidas autorizados en España
(https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf)

Outras recomendacións e guías:

1. Guías para reducir o contaxio por coronavirus SARS-CoV-2 no sector turístico emitidas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo en colaboración co ICTE (<https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/turismo/Paginas/Guias-sector-turistico.aspx>) e (<http://www.calidadturistica.es/index.aspx>)
 - Balnearios
 - Hoteis e apartamentos turísticos
 - Axencias de viaxes
 - Cámpings e cidades de vacacións
 - Servizos de restauración
 - Aloxamentos rurais
 - Campos de golf
 - Guías de turismo
 - Oficinas de información turística
 - Albergues/hostais
 - Turismo activo e ecoturismo
 - Visitas a adegas e outras instalacións industriais, lugares culturais, históricos e naturais
 - Ocio nocturno
 - Instalacións náutico-deportivas e actividades náuticas
 - Espazos naturais protexidos
 - Empresas de autocares turísticos, aluguer de coches, transporte por cable e medios de transporte acuáticos

- Parques de atraccións e lecer

Recomendacións de entidades oficiais - ICTE

- I. Especificacións UNE baseadas nas guías emitidas polo ICTE e o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
 - Especificación UNE-0066-1:2020 Balnearios
 - Especificación UNE-0066-2:2020 Hoteis e apartamentos turísticos
 - Especificación UNE-0066-3:2020 Axencias de viaxes
 - Especificación UNE-0066-4:2020 Cámpings e cidades de vacacións
 - Especificación UNE-0066-5:2020 Servizos de restauración
 - Especificación UNE-0066-6:2020 Aloxamentos rurais
 - Especificación UNE-0066-7:2020 Campos de golf
 - Especificación UNE-0066-8:2020 Guías de turismo
 - Especificación UNE-0066-9:2020 Museos e sitios patrimoniais
 - Especificación UNE-0066-10:2020 Oficinas de información turística
 - Especificación UNE-0066-11:2020 Albergues/hostais
 - Especificación UNE-0066-12:2020 Turismo activo e ecoturismo
 - Especificación UNE 0066-13:2020 Visitas a adegas e outras instalacións industriais, lugares culturais, históricos e naturais
 - Especificación UNE 0066-14:2020 Ocio nocturno
 - Especificación UNE 0066-15:2020 Instalacións náutico-deportivas e actividades náuticas
 - Especificación UNE 0066-16:2020 Espazos naturais protexidos
 - Especificación UNE 0066-17:2020 Empresas de autocares turísticos, aluguer de coches, transporte por cable e medios de transporte acuáticos
 - Especificación UNE 0066-18:2020 Parques de atraccións e lecer
 - Especificación UNE 0066-19:2020 Turismo MICE: deseño, execución e xestión de reunións, incentivos, conferencias e congresos, eventos e feiras
 - Especificación UNE 0066-20:2020 Praias
 - Especificación UNE 0066-21:2020 Espazos públicos singulares
 - Especificación técnica: Medidas para reducir o contaxio por coronavirus SARS-CoV-2

TIPOLOXÍA E EQUIPAMENTO DOS RECURSOS TURÍSTICOS

Recursos turísticos

Identificáronse diversas tipoloxías de recursos turísticos dentro do eido da xestión municipal:

- Espazos turísticos en exteriores.
- Edificios de carácter turístico.

Cómpre sinalar que a maior parte dos recursos turísticos dispoñen de recomendacións e normas específicas.

Espazos turísticos en exteriores

Neste bloque recóllense os recursos turísticos que non están dentro de edificacións e, polo tanto, se airean constantemente.

O seu deseño está especialmente pensado para que os usuarios da zona gocen do lugar, interactúen, circulen e/ou descansen.

Neste grupo identifícanse:

- Prazas / Miradoiros / Parques / Auditorios
- Avenidas / Rúas / Paseos / Bulevares
- Estradas comarcais
- Sendas peonís
- Espazos públicos singulares / Áreas de descanso de peregrinos
- Espazos naturais protexidos
- Praias / Ribeiras / Piscinas

Edificios de carácter turístico

Recóllense neste bloque aqueles recursos turísticos de xestión municipal situados no interior de inmobles ou instalacións pechadas que requiren adoptar medidas concretas como por exemplo a ventilación.

Adoitar ter unha afluencia de público elevada que terá interferencia, en maior ou menor medida, cos traballadores do centro.

Neste grupo identifícanse:

- Museos / Sitios patrimoniais / Outros edificios turísticos
- Oficinas de turismo / Puntos de información turística
- Aloxamentos / Aseos

Dependencias, instalacións/equipamentos e servizos

Calquera dos recursos identificados na alínea anterior dispón de dependencias, instalacións/equipamentos e/ou servizos cuxo uso, sen as medidas de protección axeitadas, podería implicar un risco meirande que o uso do propio recurso. As causas son múltiples, pero en moitos casos o risco agrávase polo contacto co usuario.

A listaxe de espazos, equipamentos e servizos provén da experiencia dos técnicos redactores do plan, apoiados nas indicacións da **Especificación UNE 0066: Medidas para reducir o contaxio por coronavirus SARS-CoV-2.**

Dependencias

- Salas de recepción
- Aseos / Baños compartidos
- Salas de lactación
- Vestiarios
- Bancadas
- Áreas recreativas / Zonas infantís / Zonas deportivas
- Aparcadoiros
- Miradoiros dentro do recurso
- Salas audiovisuais
- Zonas comerciais dentro do recurso
- Comedores
- Cociñas de uso compartido
- Dormitorios de uso compartido
- Dormitorios de uso non compartido

Instalacións e equipamentos

1. Fontes de auga potable.
2. Varandas / Pasamáns
3. Semáforos con botón
4. Papeleiras con contacto manual
5. Contedores de refugалlos.
6. Mobiliario exterior (bancos, mesas, cadeiras, etc.)
7. Marquesiñas
8. Parquímetros
9. Mobiliario interior (sofás, mesas, cadeiras, etc.)
10. Sistemas de climatización.
11. Chaves / Tarxetas.
12. Dispositivos de información turística / cultural de uso compartido
13. Escaleiras mecánicas
14. Ascensores
15. Cargadores eléctricos (p. ex. para vehículos)
16. Alugamento de bicicletas
17. Duchas públicas
18. Despachos de billetes
19. Dispositivos de control de accesos
20. Dispositivos de control horario
21. Gasolineira náutica
22. Peiraos e pantaláns
23. Embarcacións

Servizos do recurso turístico

1. Visitas libres
2. Servizo de pagamento mediante TPV
3. Servizo de venda de entradas
4. Visitas guiadas
5. Servizo de audioguías
6. Servizo de aseo asistido
7. Máquinas de vending
8. Servizo de consigna
9. Vías e sendeiros
10. Hamacas e antucas
11. Servizo de restauración
12. Servizo de buffet
13. Actividades en exteriores
14. Escolas náuticas
15. Equipos de salvamento
16. Observatorios de aves
17. Buggies en campos de golf
18. Carros e bolsas para alugar en campos de golf

Focos de atracción

Denomínanse focos de atracción os espazos, edificios, servizos e equipamentos que actúan como elementos dinamizadores e de movemento de usuarios na súa contorna.

Os focos de atracción obrigarán os responsables municipais a realizar unha análise detallada destes xa que poden crear áreas de alta densidade de usuarios. En ocasións estes focos poden ser catalogados como recursos turísticos.

Os focos de atracción **serán maiormente de xestión privada**. Porén, existen algúns elementos públicos como as fachadas de interese, as fontes decorativas ou os monumentos que poden ser catalogados como focos de atracción.

Puntos de atracción turística

Inclúense neste grupo os elementos de interese turístico do Camiño. A meirande parte deles son considerados recursos turísticos en si. Porén, dentro dos puntos de atracción turística engádense outros que non teñen entidade propia ou son de xestión privada.

Entre outros:

- Monumentos públicos
- Fachadas históricas
- Museos e exposicións de xestións

privada Locais de restauración

Establecementos relacionados co lecer e a restauración que provocar a atracción de usuarios. Entre outros:

- Bares
- Restaurantes
- Bares de copas
- Cafeterías

Aloxamentos

Establecementos relacionados coa hospedaxe e o descanso que provocan a atracción de peregrinos.

Entre

outros:

- Hoteis
- Pousadas
- Albergues
- Pensións
- Apartamentos
- Balnearios

Comercios

Establecementos relacionados coa venda de artigos de consumo (turísticos, alimentación, roupa, complementos, etc.) que provocan a atracción de usuarios residentes ou peregrinos. A súa importancia como focos de atracción radica no tamaño destes ou a súa acumulación en áreas comerciais.

Entre outros:

- Centros comerciais
- Tendas de roupa
- Tendas de complementos
- Tendas turísticas

Outros focos de atracción

Resto de construcións de uso público que provocan a atracción de usuarios residentes ou peregrinos, que en determinados momentos poden acoller unha elevada afluencia de persoas.

Noutros:

- Lugares de culto
- Estacións e intercambiadores de transporte
- Aparcamentos de alugamento de bicicletas, patíns ou outros equipamentos de xestión privada e rotación.

IDENTIFICACIÓN DE RISCOS

A identificación dos riscos está estreitamente ligada a algúns **aspectos fundamentais do comportamento do virus e a súa transmisión.**

Vías de contaxio

Existen algúns aspectos sociais e sanitarios postos en común entre as distintas administracións como os aspectos clave na valoración do risco e a adopción de medidas.

En termos xerais, considérase que **a propagación do virus prodúcese entre humanos mediante dúas grandes vías de contaxio:**

1. **a inhalación de partículas co virus que se encontran en suspensión no aire.**
2. **O contacto con algunha superficie contaminada e a asimilación do virus no organismo por vía nasal, oral ou ocular.**

Isto implica que as características dalgúns espazos públicos fan que estes sexan máis propensos á expansión do virus e o risco de contaxio está directamente vinculado á afluencia de usuarios e peregrinos.

Métodos de contención do risco de contaxio

O risco inherente de contaxio de calquera espazo pode minimizarse aplicando **medidas preventivas particulares e/ou colectivas.** Aínda que existen múltiples opcións, hai algúns aspectos básicos na contención do risco:

- I. **Establécese como distancia mínima segura entre unidades familiares 1,50 metros** no momento de redacción deste documento.

Se a distancia de seguridade recomendada polas autoridades sanitarias nacionais ou autonómicas chega a establecerse nunha medida diferente aos 1,50 metros de distancia entre persoas, o plan de continxencia deberá de adecuar todo o referente á distancia de seguridade á nova distancia establecida.

2. **É obrigatorio o uso de máscaras** cando non sexa posible manter a distancia mínima, de xeito que calquera usuario ou peregrino conteña as exhalacións torácicas propias (tose, etc.) e se protexa dos demais.
3. **Recoméndase limpar e desinfectar con frecuencia** todas as superficies que se puidesen contaminar.
4. **Ínstase ós usuarios e peregrinos a limpar ou desinfectar as mans varias veces ó día.**

Cómpre destacar que as directrices de comportamento aplícanse por **unidade familiar**, entendida como grupo de persoas que conviven nun mesmo domicilio.

Do mesmo xeito, destacar que **a ventilación é un elemento esencial para reducir o risco** de transmisión do virus. Como norma xeral, haberá que ter especial coidado no interior de edificios e en calquera outro espazo que non estea ao aire libre.

Criterios para identificar riscos

Ligado ás vías de contaxio e ós mecanismos de contención, trátase de identificar aquelas áreas ou elementos críticos desde o punto de vista da probabilidade de contaxio.

Así, para cada espazo ou equipamento valórase o grao de risco de contaxio dependendo as características intrínsecas e metodoloxía de uso.

Para aglutinar e simplificar a análise, facilitando a toma de medidas, establécense criterios de identificación de espazos e/ou equipamentos públicos que compartan características perante o risco de contaxio.

Os criterios para establecer os grupos de elementos son os seguintes:

1. **Tipoloxía de espazos: exteriores ou interiores.**
2. **Grao de ventilación.**
3. **Tempo medio de estancia dos peregrinos.**
4. **Distancia de seguridade entre peregrinos.**
5. **Contacto do peregrino co elemento ou partes deste.**

CATEGORIZACIÓN DO RISCO

Concepto de categorización do risco

Unha vez identificados os grupos de elementos con características semellantes ante o risco, torna necesario avalialos comparativamente.

A categorización do risco consiste en cuantificar numericamente este risco en cada tipoloxía de espazo atendendo á valoración dos criterios intrínsecos de cada unha delas (modelo, ventilación, tempo de uso, distancia entre usuarios e contacto).

Sistema de categorización do risco

Existe múltiple metodoloxía para cuantificar os riscos. Após analizala, observouse que o **método Fine** se axusta, en gran medida, ás características do risco de contaxio perante a COVID-19 nos diferentes espazos.

Método de William Fine

O **método de Fine** é un procedemento orixinalmente previsto para orientar a inversión en medidas de redución de risco naqueles puntos onde o grao de perigo é maior.

Por medio dunha **fórmula matemática que conecta a probabilidade de ocorrencia coas consecuencias que poden derivar e a exposición a este risco**, permite calcular a orde de magnitude deste e avalialo respecto ao resto de aspectos.

A **fórmula de cálculo da magnitude do risco ou grao de perigo** é a seguinte:

$$GP = C \times E \times P$$

Onde:

- **Consecuencias (C):** Dano por mor do risco que se considera. Inclúe tanto danos persoais como danos materiais.

Establécense valores entre 1 e 10, considerando uns valores intermedios non equidistantes, mais con puntuacións que determinan unha valoración de consecuencias exponencial.

- **Exposición (E):** Frecuencia coa que se presenta a situación de risco. Canto maior sexa a exposición a unha situación potencialmente perigosa, maior será o risco asociado a esta situación.
- **Probabilidade (P):** Parámetro que determina a posibilidade de que, unha vez presentada a situación de risco, esta orixine un accidente e implique consecuencias.

Aplicación do Método Fine á COVID-19

Deseguido pasamos a analizar as **variables do método Fine** a fin de clasificar o risco de contaxio:

- CONSECUENCIAS DO CONTAXIO

Actualmente as autoridades sanitarias non dispoñen dun criterio claro sobre as consecuencias ao contaxio por tipoloxías de poboación. Non se dispón de información que permita determinar por que algunhas persoas son asintomáticas e o contaxio de SARS-CoV-2 non lles afecta, mentres que a outras lles produce síntomas graves e mesmo a morte.

Por iso, para analizar a categorización de risco perante a COVID-19, considérase que **as consecuencias terán sempre un valor constante, valoración 1**. Deste xeito, a adopción de medidas valorada en cada espazo non se verá afectada polo tipo de usuarios. Igualmente, cómpre considerar que, ao tratarse de espazos de xestión pública, limitar o acceso por tipoloxía de persoas podería atentar contra os principios básicos de exclusión.

- PROBABILIDADE DE CONTAXIO

Parámetro que determina se un espazo, área ou elemento implica, pola fisionomía e uso que se lle dea, unha probabilidade alta ou baixa de transmisión do virus.

Identifícanse catro niveis de probabilidade de contaxio:

- **Moi alta**

Aqueles espazos ou elementos que implican o usuario e/ou peregrino para desenvolver a actividade, cun contacto continuado obrigatorio con obxectos ou con outras persoas e, polo tanto, unha probabilidade de contaxio moi alta.

○ **Alta**

Aqueles espazos ou elementos que implican o usuario e/ou peregrino para desenvolver a actividade, cun contacto obrigatorio puntual con obxectos ou con outras persoas e, polo tanto, unha probabilidade de contaxio alta.

○ **Media**

Aqueles espazos ou elementos nos que a probabilidade de contaxio é controlable, xa que o contacto derivado da actividade é opcional para o usuario e/ou peregrinos, a pesar de existiren algúns equipamentos susceptibles de contacto. Considéranse cunha probabilidade de contaxio media.

○ **Baixa**

Aqueles espazos ou elementos nos que a probabilidade de contaxio é pequena, xa que o contacto derivado da actividade é practicamente nulo e non hai elementos susceptibles de contacto. Considéranse cunha probabilidade de contaxio baixa.

- TIPOLOXÍA DE EXPOSICIÓN

Parámetro que determina se un espazo, área ou elemento dispón de medidas preventivas para controlar o virus e reducir o risco de contaxio.

Identificáronse tres tipoloxías de exposición ao contaxio:

○ **Exposición sen medidas**

Aqueles espazos ou elementos nos que non se adoptou ningún tipo de medida preventiva para controlar o risco de contaxio, nin colectivas nin individuais.

○ **Exposición con medidas colectivas**

Aqueles espazos ou elementos nos que a entidade xestora adoptou medidas colectivas de prevención nalgunha das súas variantes (distanciamento, desinfección, etc.).

○ **Exposición con medidas colectivas e individuais**

Aqueles elementos nos que, a maiores das medidas colectivas que se poidan aplicar, tamén se estableceron medidas de prevención individual para os usuarios e/ou peregrinos (máscaras, solución hidroalcohólica, etc.).

Táboa de valoración da categorización ao risco

Aplicando a estrutura do método Fine e os niveis descritos no punto anterior, e anulando o parámetro das consecuencias por considerarse un valor uniforme e estático, establécese unha táboa de puntuacións consonte o fisco que se corre ao empregar os espazos e/ou elementos dos recursos turísticos.

As puntuacións distribúense de maneira exponencial entre 0 (resultado ideal onde non existe risco de contaxio) e 10 (valor onde o risco de contaxio é moi alto e non se adoptou ningunha medida). A interpretación dos valores de puntuación é a seguinte:

- **Valor 0,1: Zonas nas que o risco de contaxio é case nulo**
- **Valor 0,5: Zonas nas que o risco de contaxio é remoto**
- **Valor 1: Zonas nas que o risco de contaxio é aceptablemente baixo**
- **Valor 3: Zonas nas que o risco de contaxio é aceptablemente moderado**
- **Valor 6: Zonas nas que o risco de contaxio implica unha intervención prioritaria**
- **Valor 10: Zonas nas que o risco de contaxio implica unha intervención urxente**

Colocando os valores na **táboa de valoración** que relaciona a probabilidade do contaxio coa tipoloxía de exposición obtense o seguinte:

		TIPOLOXÍA DE EXPOSICION		
		Exposicións sen medidas	Exposicións con medidas colectivas (Limpezas, control de distancias entre elementos)	Exposicións con medidas colectivas + individualizadas
PROBABILIDADE DE CONTAXIO	MOI ALTA	10	6	3
	ALTA	6	3	1
	MEDIA	3	1	0,5
	BAIXA	1	0,5	0,1

Valores de categorización do risco para cada tipoloxía de recurso turístico

Establecidos os criterios de puntuación numérica para determinar a categorización do risco de cada espazo, pódese determinar en función das características de cada actividade o

valor tipo para aplicar que ha determinar a necesidade de adoptar medidas de prevención perante o contaxio en maior ou menor intensidade.

Deseguido inclúese a táboa de valoración para cada tipo de recurso turístico identificado no plan.

**TÁBOA CO VALOR DE CATEGORIZACIÓN DO RISCO PARA
CADA TIPO DE RECURSO TURÍSTICO**

RECURSOS TURÍSTICOS	CATEGORIZACIÓN DO RISCO POR TIPO
ESPAZOS TURÍSTICOS EN EXTERIORES	
Prazas / Miradoiros / Parques / Auditorios	3
Avenidas / Rúas / Paseos / Bulevares	3
Estradas comarcais	3
Sendas peonís	3
Espazos públicos singulares / Áreas de descanso de peregrinos	3
Espazos naturais protexidos	3
Praias / Ribeiras / Piscinas	3
EDIFICIOS DE CARÁCTER TURÍSTICO	
Museos / Sitios patrimoniais / Outros edificios turísticos	6
Oficinas de turismo / Puntos de información turística	6
Aloxamentos / Aseos	6

Valores de categorización do risco para cada tipoloxía de recurso

Igual que pasa cos recursos turísticos, as características singulares dalgunhas dependencias, instalacións/equipamentos ou servizos que incluídos nestes poden requirir a adopción de medidas especiais, consonte a categorización do risco.

Deseguido inclúense as táboas de valoración estándar para cada tipoloxía:

**TÁBOA CO VALOR DE CATEGORIZACIÓN DO RISCO PARA
CADA TIPO DE DEPENDENCIA**

DEPENDENCIAS	CATEGORIZACIÓN DO RISCO POR TIPO
Salas de recepción e acollida	6
Aseos / Baños compartidos	10
Salas de lactación	6
Vestiaros	6
Bancadas	6
Áreas recreativas / Zonas infantís / Zonas deportivas	10
Aparcadoiros	3
Miradoiros dentro do recurso	3
Salas audiovisuais	3
Zonas comerciais dentro do recurso	3
Comedores	6
Cociñas de uso compartido	6
Dormitorios de uso compartido	6
Dormitorios de uso non compartido	3

**TÁBOA CO VALOR DE CATEGORIZACIÓN DO RISCO PARA
CADA TIPO DE INSTALACIÓN / EQUIPAMENTOS**

INSTALACIONES / EQUIPAMIENTOS	CATEGORIZACIÓN DO RISCO POR TIPOLOXÍA
Fontes de auga potable.	10
Varandas/pasamáns	6
Semáforos con botón	6
Papeleiras con contacto manual (aperturas/dispensador bólas)	6
Contedor de refugallos	6
Mobiliario exterior (bancos, mesas, cadeiras, etc.)	3
Marquesiñas	3
Parquímetros	6
Mobiliario interior (sofás, mesas, cadeiras, etc.).	3
Sistemas de climatización.	1
Chaves / Tarxetas.	6
Dispositivos de información turística / cultural de uso compartido	6
Escaleiras mecánicas	6
Ascensores	6
Cargadores eléctricos (p. ex. para vehículos)	6
Alugamento de bicicletas	6

Duchas públicas	10
Despachos de billetes	6
Dispositivos de control de accesos	6
Dispositivos de control horario	6
Gasolineira náutica	3
Peiraos / Pantaláns	3
Embarcacións	3
Teleféricos / Funiculares	6

Nota: No caso das fontes de auga potable, considéranse de categorización de risco 10 pola necesidade de contacto para usalas, chegando mesmo ao contacto por vía oral. Este risco veríase reducido aplicando as medidas que se explican neste documento, como por exemplo a limpeza en función da capacidade, determinada esta por volta da temporalidade das visitas (en verán, como é tempada alta, o risco veríase reducido cunha frecuencia na limpeza de polo menos 3 veces ao día).

**TÁBOA CO VALOR DE CATEGORIZACIÓN DO RISCO PARA
CADA TIPO DE SERVIZOS DO RECURSO TURÍSTICO**

SERVIZOS DO RECURSO TURÍSTICO	CATEGORIZACIÓN DO RISCO POR TIPOLOXÍA
Visitas libres	3
Servizo de pagamento mediante TPV	6
Servizo de venda de entradas	6
Visitas guiadas	3
Servizo de audioguías	6
Máquinas de vending	6
Servizo de consigna	6
Vías e sendeiros	3
Servizo de hamacas e antucas	3
Servizo de restauración	6
Servizo de buffet	6
Actividades	3
Escolas náuticas	3
Equipos de salvamento	3
Observatorios de aves	3
Buggies en campos de golf	6
Carros e bolsas para alugar en campos de golf	6

Factor de corrección do risco

Definición do factor de corrección do risco

É evidente que **unha mesma área ou espazo pode non implicar o mesmo risco de contaxio en función da súa ocupación e as medidas preventivas adoptadas.**

Por exemplo, un baño público nunha zona e praias, en época de inverno, estará practicamente inutilizado, namentres en época de verán o uso que se faga será masivo. Do mesmo xeito, no ámbito das medidas, non é equiparable o risco de contaxio dun baño público que se desinfecta unha vez ó día, como se viña realizando antes da pandemia, que se actualmente se limpa dúas ou máis veces.

Para considerarmos este aspecto, definiuse como **factor de corrección do risco de contaxio un parámetro numérico que, multiplicado polo valor da categorización do risco do espazo ou elemento, reduce ou aumenta a súa puntuación.**

Variables do factor de corrección

Dúas son as variables empregadas para aumentar ou diminuír o risco de contaxio e que se utilizan para determinar o valor do factor de corrección.

- GRAO DE OCUPACIÓN

Parámetro que pondera a capacidade utilizada nun espazo, área ou elemento nun período de tempo (habitual, estacional ou puntual).

Identificáronse catro grupos ou niveis de ocupación:

- **100 % do grao de ocupación teórica**
Aqueles elementos ou espazos cunha afluencia masificada de persoas que impide, frecuentemente, manter a distancia de seguridade de 1,50 metros entre os usuarios e/ou peregrinos. O grao de ocupación supera 85 % nalgún período do ano, e en ocasións mesmo pode superar o grao máximo de ocupación teórica.

- **75 % do grao de ocupación teórica**
Aqueles elementos ou espazos cunha afluencia media-alta de persoas que impide, puntualmente, manter a distancia de 1,50 metros entre os usuarios e/ou peregrinos. O grao de ocupación nalgúns momentos acada valores entre 60 e 85 % do teórico.
- **50 % do grao de ocupación teórica**
Aqueles elementos ou espazos cunha afluencia media de persoas que non presenta un risco elevado e onde se pode manter comodamente a distancia de seguridade de 1,50 metros entre os usuarios e/ou peregrinos. O grao de ocupación acada valores entre 35 e 60 % do teórico.
- **25 % do grao de ocupación teórica**
Aqueles elementos ou espazos con baixa afluencia de persoas que permite comodamente manter a distancia de seguridade de 1,50 metros entre unidades familiares. Considérase que o grao de ocupación non supera 35 % do teórico.
- **0 % do grao de ocupación teórica**
Aqueles elementos ou espazos que se considerou fechar como medida extrema de seguridade ao non poder garantir as condicións mínimas de seguridade para o seu uso. Considérase o grao de ocupación 0 % do teórico.

- NIVEL DE DESINFECCIÓN

Parámetro que pondera o número de desinfeccións diarias que se aplican nun recursos turístico, espazo ou equipamento.

Identificáronse catro niveis de desinfección:

- **Sen desinfección**
Aqueles recursos ou equipamentos nos que non se efectúa unha desinfección axeitada para os riscos de contaxio perante a COVID-19.
Polo xeral, o mantemento límitase á limpeza ou desinfeccións puntuais cada varias semanas ou meses.

- **Desinfección mínima requirida**
Aqueles recursos ou equipamentos nos que se realiza unha desinfección cíclica consonte o considerado como **desinfección mínima requirida para este tipo de espazos ou elementos previo á pandemia da COVID-19**. (Ver táboa de desinfección habitual máis abaixo).
- **X2 Desinfección mínima requirida**
Aqueles recursos ou equipamentos nos que se tomaron medidas perante o risco de contaxio por COVID-19 e onde se dobrou o número de servizos de desinfección definidos como os mínimos requiridos perante ao contaxio.
- **Desinfección por servizo**
Aqueles recursos ou equipamentos nos que se considere que se acadou o maior índice de desinfección posible correspondente coa desinfección por cada servizo ou utilización do elemento.

Cómpre sinalar que as características intrínsecas de cada recurso e dependencia, instalación, equipamento ou servizo do recurso impiden xeneralizar o número de desinfeccións mínimas axeitadas para minimizar o risco de contaxio. Dadas as características de cada espazo ou elemento, establécese unha táboa de desinfección habitual por tipoloxía.

TÁBOA DE NÚMERO DE DESINFECCIÓNS MÍNIMAS REQUIRIDAS PARA CADA TIPO DE RECURSO TURÍSTICO

RECURSOS TURÍSTICOS	FRECUENCIA DE DESINFECCIÓN MÍNIMA REQUIRIDA
ESPAZOS TURÍSTICOS EN EXTERIORES	
Prazas / Miradoiros / Parques / Auditorios	1 desinfección diaria
Avenidas / Rúas / Paseos / Bulevares	1 desinfección diaria
Estradas comarcais	1 desinfección diaria
Sendas peonís	1 desinfección diaria
Espazos públicos singulares / Áreas de descanso de peregrinos	1 desinfección diaria
Espazos naturais protexidos	1 desinfección diaria
Praías / Ribeiras / Piscinas	1 desinfección diaria
EDIFICIOS DE CARÁCTER TURÍSTICO	
Museos / Sitios patrimoniais / Outros edificios turísticos	1 desinfección diaria
Oficinas de turismo / Puntos de información turística	1 desinfección diaria
Aloxamentos / Aseos	1 desinfección diaria

**TÁBOA DE NÚMERO DE DESINFECCIÓN MÍNIMAS
REQUIRIDAS PARA CADA TIPO DE DEPENDENCIAS**

DEPENDENCIAS	FRECUENCIA DE DESINFECCIÓN MÍNIMA REQUIRIDA
Salas de recepción	1 desinfección diaria
Aseos / Baños compartidos	6 desinfeccións diarias
Salas de lactación	1 desinfección diaria
Vestuarios	1 desinfección diaria
Bancadas	1 desinfección diaria
Áreas recreativas / Zonas infantís / Zonas deportivas	1 desinfección diaria
Aparcadoiros	1 desinfección diaria
Miradoiros dentro do recurso	1 desinfección diaria
Salas audiovisuais	1 desinfección diaria
Zonas comerciais dentro do recurso	1 desinfección diaria
Comedores	1 desinfección diaria
Cociñas de uso compartido	1 desinfección diaria
Dormitorios de uso compartido	1 desinfección diaria
Dormitorios de uso non compartido	1 desinfección diaria

**TÁBOA DE NÚMERO DE DESINFECCIÓN MÍNIMAS
REQUIRIDAS PARA CADA TIPO DE INSTALACIÓN /
EQUIPAMENTOS**

EQUIPAMIENTOS	FRECUENCIA DE DESINFECCIÓN MÍNIMA REQUIRIDA
Fontes de auga potable.	3 desinfeccións diarias
Varandas/pasamáns	3 desinfeccións diarias
Semáforos con botón	1 desinfección diaria
Papeleiras con contacto manual (aperturas/dispensador bólas)	1 desinfección diaria
Contedor de refugallo	1 desinfección diaria
Mobiliario exterior (bancos, mesas, cadeiras, etc.)	1 desinfección diaria
Marquesiñas	1 desinfección diaria
Parquímetros	1 desinfección diaria
Mobiliario interior (sofás, mesas, cadeiras, etc.).	1 desinfección diaria
Sistemas de climatización.	1 desinfección diaria
Chaves / Tarxetas.	1 desinfección diaria
Dispositivos de información turística / cultural de uso compartido	1 desinfección diaria
Escaleiras mecánicas	1 desinfección diaria
Ascensores	1 desinfección diaria
Cargadores eléctricos (p. ex. para vehículos)	1 desinfección diaria
Alugamento de bicicletas	Desinfección cada uso
Duchas públicas	3 desinfeccións diarias
Despachos de billetes	1 desinfección diaria
Dispositivos de control de accesos	1 desinfección diaria
Dispositivos de control horario	1 desinfección diaria
Gasolineira náutica	1 desinfección diaria
Peiraos / Pantaláns	1 desinfección diaria
Embarcacións	1 desinfección diaria
Teleféricos / Funiculares	1 desinfección diaria

**TÁBOA DE NÚMERO DE DESINFECCIÓN S MÍNIMAS
REQUIRIDAS PARA CADA TIPO DE SERVIZO DO RECURSO
TURÍSTICO**

SERVIZOS DO RECURSO TURÍSTICO	FRECUENCIA DE DESINFECCIÓN MÍNIMA REQUIRIDA
Visitas libres	Non aplica
Servizo de pagamento mediante TPV	Desinfección cada uso
Servizo de venda de entradas	Non aplica
Visitas guiadas	Non aplica
Servizo de audioguías	Desinfección cada uso
Máquinas de vending	1 desinfección diaria
Servizo de consigna	1 desinfección diaria
Vías e sendeiros	1 desinfección diaria
Servizo de hamacas e antucas	Desinfección cada uso
Servizo de restauración	Desinfección cada quenda
Servizo de buffet	Desinfección cada quenda
Actividades	Desinfección cada uso
Escolas náuticas	1 desinfección diaria
Equipos de salvamento	Desinfección cada uso
Observatorios de aves	1 desinfección diaria
Buggies en campos de golf	Desinfección cada uso
Carros e bolsas para alugar en campos de golf	Desinfección cada uso

NOTA: Calquera valor de número de desinfeccións dun elemento que sexa inferior ao establecido como mínimo requirido considérase unha situación de risco elevado e implicará tomar medidas e unha corrección inmediata.

Táboa de valoración do factor de corrección

O factor de corrección aplicado sobre o valor do disco do elemento ou espazo ha permitir ós responsables municipais determinar as medidas máis axeitadas ás necesidades en cada punto crítico, optimizando os recursos persoais e materiais, e acadando un valores de risco de contaxio aceptables.

Os valores multiplicadores do risco de contaxio distribúense de maneira proporcional entre 0 (eliminación do risco) e 2 (o risco duplícase por falta de medidas). A interpretación de cada valor numérico da táboa é a seguinte:

- **Valor 0,1:** As medidas establecidas reducen o risco de contaxio ao mínimo posible; considérase ao redor de 10 %.
- **Valor 0,2:** As medidas establecidas reducen o risco de contaxio ao redor de 20 % do risco orixinal.
- **Valor 0,3:** As medidas establecidas reducen o risco de contaxio ao redor de 30 % do risco orixinal.
- **Valor 0,5:** As medidas establecidas reducen o risco de contaxio ao redor de 50 % do risco orixinal.
- **Valor 1,0:** As medidas establecidas con respecto á desinfección e ás ratios de ocupación son os lóxicos para manter o nivel de risco de contaxio.
- **Valor 1,5:** A ausencia de medidas e o grao de ocupación elevado do elemento ou espazo incrementa o valor estimado do risco de contaxio en aproximadamente 50 %.
- **Valor 2,0:** A ausencia de medidas e o grao de ocupación extremadamente elevado do elemento ou espazo aumenta en gran medida o valor estimado de risco de contaxio. Desde o punto de vista numérico considérase que se incrementa o valor en 100 %.

Colocando os valores na **táboa de valoración do factor de corrección** que relaciona a probabilidade do contaxio coa tipoloxía de exposición obtense o seguinte:

		NIVEL DE DESINFECCIÓN			
		SEN DESINFECCIÓN	DESINFECCIÓN HABITUAL	X2 DESINFECCIÓN HABITUAL	DESINFECCIÓN POR SERVIZO
GRAO DE OCUPACIÓN	100%	2,0	1,5	1,0	0,1
	75%	1,5	1,0	0,5	0,1
	50%	1,0	0,5	0,3	0,1
	25%	0,5	0,3	0,2	0,1
	0%	0,1	0,1	0,1	0,1

Períodos de ocupación

A ocupación dos recursos turísticos, igual que a de calquera outro ámbito do núcleo de poboación, non é constante no tempo por mor dos diversos factores (humanos, sociais, naturais).

Por iso, e para axustar na medida do posible as medidas preventivas perante o contaxio, en cada área **establecéronse tres posibles períodos de ocupación que poden implicar movementos de usuarios e/ou peregrinos moi diferenciados.**

1. Período de ocupación habitual

A afluencia de visitantes ao recurso turístico prodúcese de maneira habitual durante o ano, sen identificarse con períodos concretos.

Considéranse dentro deste bloque aqueles recursos que, pola súa tipoloxía, reciben durante todo o ano un nivel medio-alto de visitantes e que aumenta durante os períodos de vacacións.

Tipoloxía relacionada, por exemplo, co turismo cultural ou gastronómico.

2. Período de ocupación estacional

A afluencia de visitantes ao recurso turístico prodúcese de maneira habitual en períodos concretos do ano.

Enmárcanse neste bloque aqueles recursos que, pola súa tipoloxía, reciben en determinadas épocas do ano (Semana Santa, verán ou Nadal) un nivel medio-alto de visitantes, mais que fóra desas datas a ocupación diminúe considerablemente, agás momentos puntuais.

Tipoloxía relacionada, por exemplo, co turismo de praia ou de esquí.

3. Período de ocupación puntual

A afluencia de visitantes ao recurso turístico prodúcese de maneira puntual durante o ano.

Neste bloque estarían aqueles recursos que, pola súa tipoloxía, reciben en momentos puntuais do ano un nivel medio-alto de visitantes, mais que fóra desas datas a ocupación diminúe considerablemente.

Tipoloxía relacionada con eventos populares, mercados, festas, etc.

A análise dos períodos ha permitir aos responsables municipais adecuaren as medidas que establecer optimizando os recursos persoais e económicos sen efectuar o risco de exposición ao contaxio.

DEFINICIÓN DE ÁREAS DE ESPECIAL SEGUIMIENTO

Cada etapa do Camiño de Santiago ten unhas características particulares e a súa xestión depende do concello polo que pasa. O propio concello é o encargado de realizar toda a xestión en canto ao Camiño no seu ámbito e velar por que se adopten as medidas de información e, no seu caso, se apliquen as recomendacións correspondentes.

Por iso, o presente documento, por medio da xestión de información, trata de identificar aquelas áreas que contan con características especial, segundo

- o volume de tránsito peonil ou o número de persoas que a utilizan,
- interferencias con outras vías de tránsito,
- que pertenczan a puntos de etapa ou a poboacións de paso,
- que sexan puntos de interese (turístico, servizos, aloxamento, restauración, servizos, etc.).

Identificación de áreas de especial seguimento

Após identificar estas áreas de especial seguimento, o Comité de Xestión analizará as medidas de información precisas e achegará as recomendacións perante á COVID-19.

Sinaláronse tres tipos de áreas neste documento segundo o grao de afluencia de peregrinos e habitantes locais.

- **Círculo verde:** Aquelas zonas onde o trazado do Camiño coincide con algunha bifurcación a núcleos de poboación do concello (polo xeral pequenos) e, polo tanto, en ocasións conflúe a poboación local residente nestes puntos cos peregrinos.
- **Círculo vermello:** Zonas que adoitan coincidir coas poboacións algo máis grandes e identificadas como inicio e final de etapa dun ou varios dos camiños de Santiago. Nestas localidades, os peregrinos descansan, fan uso dos servizos de restauración e fan noite, polo que o tempo de estancia é moi superior ao doutras partes do camiño; e móvense pola localidade para facer uso das instalacións, comercios, áreas culturais, etc. Por outra banda, adoitan ser áreas relativamente amplas.
- **Círculo laranxa:** As zonas onde a afluencia dos habitantes locais é elevada e coincide co trazado habitual dos peregrinos, polo que o número de interferencias é máis elevado.

Pola propia definición da área, é moi habitual que coincidan no interior de círculos vermellos (poboacións inicio/final de etapa) e se sitúen en zonas cunha elevada concentración de focos de atracción xeralmente relacionados co consumo, lecer, a restauración ou o aloxamento.



Identificación de recursos turísticos

A identificación das áreas de influencia con habitantes locais adoita coincidir cos puntos de atracción. Porén, tal e como se adiantou noutras partes do documento, existen espazos públicos singulares e equipamentos que atraen usuarios, particularmente peregrinos do Camiño.

Por iso, o traballo centrouse en identificar todos aqueles recursos turísticos e equipamentos habitualmente empregados polos peregrinos e nos que as medidas de información e recomendacións perante á COVID-19 deberán de ser potenciadas.

Dada a ampla tipoloxía de recursos existentes, utilizouse unha simboloxía xenérica en función das características intrínsecas de cada un deles:

	Aloxamentos e albergues públicos		Oficinas de información turística		Miradoiros e zonas de lecer
	Restauración		Sitios patrimoniais		Praias e ribeiras
	Compras		Museos e centros de interpretación		Instalacións náutico-deportivas
	Balnearios		Igrexas e lugares de culto		Campos de golf
	Zonas de descanso		Parques e xardíns		Espazos naturais



CAPTACIÓN E ANÁLISE DA INFORMACIÓN

Metodoloxías para captar a información

Xa que o informe abrangue a totalidade de recursos turísticos localizados nas diferentes rutas do Camiño de Santiago, torna imprescindible determinar cales son para catalogalos nos diferentes niveis de risco de contaxio, e así establecer as medidas preventivas que adoptar.

O proceso de recollida de datos é asaz complexo polas múltiples variables que inflúen (moitas delas subxectivas). Para conseguir **a información máis completa e fiable posible** crúzanse varios sistemas de recompilación de información e participan varias persoas. A participación límitase ás funcións e ao organigrama do Comité de Xestión e os recursos humanos que este estime conveniente. Neste punto, a análise céntrase nas metodoloxías existentes para conseguir información fiable.

Tipoloxía baseada na información achegada polos responsables municipais

Considérase que os responsables municipais e os traballadores son os que mellor coñecen a idiosincrasia da contorna, os costumes, as épocas de maior afluencia de peregrinos e os eventos de atracción. A representación destes designada no Comité de Xestión, considérase que son os máis axeitados para trasladar a información e orientar na redacción do plan de continxencia obxecto deste documento.

O ser humano está inevitablemente orientado a subxectivar as súas opinións, polo que o labor do Comité de Xestión ou entidade que desenvolva as súas funcións, será o de preparar unha sistemática recollida de datos de maneira sinxela e, na medida do posible, sen capacidade de interpretación (recoméndase sistema binario SI/NON), de xeito que ao realizar a recollida de datos coa participación de varias persoas se obteña unha información todo o fiable que for posible.

Tipoloxía baseada no uso de información dixital (bases de datos)

Igualmente, considérase axeitado apoiar a valoración do grupo de responsables municipais na **achega de bases de datos e información "Big Data"** de xeito que complementa a visión do sistema humano e obxectiva as conclusións á hora de seleccionar as áreas críticas nas que as actuacións do plan de continxencia tornen imprescindibles.

Existen múltiples bases de datos no mercado, nalgúns delas a información é gratuíta e accesible para calquera (en plataformas como Google, por exemplo). Porén, non hai constante de que nelas haxa información sobre o tráfico peonil.

Formularios e enquisa de diagnóstico e validación

Aliñar a recollida de datos cos que extraer as conclusións e medidas que adoptar require un traballo previo concienciado, de xeito que permita que persoas con diferentes criterios ou opinións realicen unha recollida de datos o máis obxectiva posible. O obxectivo é as decisións adoptadas non estean "viciadas", na medida do posible, por medidas subxectivas dalgún dos membros do comité ou do seu persoal de apoio.

Tratarase de establecer algún documento de consulta, modelos ou "checklists" que han ser trasladados aos responsables municipais de cada área para que responda as preguntas. Tanto é así que se ha procurar facer preguntas curtas e directas, que na medida do posible **se poidan responder de maneira binaria (SI/NON)** e que eviten que os avaliadores iniciais emitan opinións subxectivas ou acheguen respostas que dificulten o traballo de análise posterior.

Nun **primeiro paso** hanse realizar as preguntas necesarias para coñecer a idiosincrasia das diferentes rutas do Camiño de Santiago e así **determinar se as áreas son recursos turísticos** ou, pola contra, non teñen unha importancia especial para os visitantes. Cómpre sinalar que, neste punto, cruzarase cos resultados da inxestión de datos (Big Data), obtendo datos moi fiables e adecuados á realidade.

Nun **segundo paso**, unha vez identificados os recursos turísticos a fin de traballar o deseño e a implantación de medidas, **completarase a información necesaria de cada un deses recursos turísticos**.

Inxestión de datos (Big Data)

A metodoloxía da recollida de datos existente é diversa desde os datos de ocupación, número de residentes, catastro, datos turísticos e rexistros de aloxamentos. No entanto, para realizar unha análise completa, considérase que o máis axeitado é calcular a densidade peonil, é dicir, determinar o número de transeúntes por tramo.

O sistema máis completo consiste en cruzar datos de densidade comparativa de transeúntes rúa da localidade cun mapa dixital de tramos de rúa vectorial.

Esta metodoloxía utilízase desde hai anos con diferentes finalidades, xeralmente no ámbito comercial, xa que as tendas, como as franquías de alimentación ou roupa, aproveitan esta información para determinar a mellor localización para os seus locais nunha cidade.

Focos de atracción de transeúntes

Polo xeral, nunha rúa residencial con casas acaroadas sen servizos haberá poucos transeúntes. Outra rúa con tendas, un bar e parada de autobuses, o número de transeúntes será, loxicamente, máis elevado. En tramos onde haxa un museo, un hotel ou unha estación intermodal ou calquera outro elemento que atraia persoas, a densidade sería aínda meirande. Este exemplo básico levado ao máximo detalle permite xerar un modelo público flotante moi detallado para calquera localidade.

Existen milleiros de obxectos de atracción de transeúntes en calquera localidade, desde un caixeiro ata unha boca de metro. Se se combinan eses datos cos datos catastrais dos inmobles existentes e as súas tipoloxías (residencial, comercial, produtiva) obtérase un mapa onde determinar con claridade os fluxos de persoas nos diferentes momentos do día ou da semana, mesmo se son lugares con densidade estacional baseados, por exemplo, en épocas de vacacións ou fins de semana.

Por poñer un exemplo, unha praia devén foco de atracción especialmente nos períodos de tempada alta.

Áreas de atracción de transeúntes

Do mesmo xeito, a partir dos datos de rúas que se poidan obter, prodúcese un efecto multiplicador cando se combinan varias rúas ou prazas con comercios, restaurantes, aloxamentos, etc. Xa que logo, o programa tamén ha posibilitar a combinación de información para determinar as chamadas áreas de atracción de transeúntes.

Loxicamente, nestas áreas o fluxo de persoas é moi elevada, polo que o risco será maior e tornará necesario analizar en detalle e adoptar as medidas oportunas.

Fontes de datos para catalogación de vías e espazos públicos

Como se adiantou, non existe actualmente unha base de datos pública ou privada gratuíta que recolla todos os servizos. É por iso que naceron diversas empresas que xeraron algoritmos para fusionar a información de varias fontes e obter resultados concluíntes sobre os fluxos de transeúntes en vías e espazos públicos.

Aínda así, como se dixo, existen distintas variables, entre as máis utilizadas pola importancia no cálculo son as seguintes:

- Datos censuais do padrón publicados polo INE.
- Puntos de interese (PDI) determinados con plataformas como TomTom ou Google.
- Bens inmobles obtidos coa base de datos do catastro.

Metodoloxías para analizar a información

Enriquecemento de datos regresivos xeoespaciais

Controlada a información de partida e as fontes, as empresas de xestión da información referidas, centran os seus esforzos en determinar e validar modelos estatísticos.

O problema principal radica en que cada punto de interese actúa dun xeito diferente entre uns lugares e outros. Por exemplo, entre un restaurante e outro cumpriría analizar factores clave como o tamaño de cada un deles. En caso de descoñecemento, para corrixilo, os modelos aplican uns factores tipo de corrección.

Para algúns focos de atracción como locais comerciais, a información adoita determinarse mediante un ratio de número de transeúntes por metro cadrado.

Con toda a información aplicada, aglutínanse as cantidades de persoas determinadas nos diferentes PDI dunha rúa, e con ela obtense a densidade desta.

A pesar de existiren múltiples metodoloxías de análise, e a fin de contrastar e verificar na medida do posible os resultados obtidos, para desenvolver o plan de continxencia utilizáronse dúas metodoloxías:

- Modelado e estruturación de datos xeoespaciais
- Data mining e KDD

E posteriormente, aínda que relacionado co anterior:

- Sistema de visualización dos datos xeoespaciais obtidos.

Deseguido, descríbese cada un dos procedementos:

Modelado e estruturación de datos xeoespaciais

Partindo das diferentes fontes de datos empregadas, realízase un proceso ETL (extracción, transformación e carga de datos) mediante o que se normaliza e estrutura a información para unificala nun modelo topolóxico de datos común.

Por medio do modelo topolóxico resultante obtéñense relacións e cruzamentos entre obxectos xeoespaciais por interpolación destes, para o seu uso no proceso de KDD, obtendo pola súa parte un enriquecemento de datos a través do proceso de Data mining.

Data mining e KDD

O proceso de Data mining é inherente ao proceso de transformación e enriquecemento de datos, no que, por medio duns algoritmos predefinidos, procésanse, descártanse e enriquecéense os datos agregados de todas as fontes.

Mediante o KDD (descubrimento de coñecemento en bases de datos) é posible realizar un proceso de filtrado previo á análise GIS, polo que se obtén un resultado case final de información, seccións e puntos de interese para identificar as zonas de inferencia.

Análise e visualización de datos xeoespaciais

En última instancia, após realizar a análise da información, esta se trasladará a un sistema visual que permita identificar a localización dos recursos turísticos e os límites dentro dos que se poderán determinar os elementos, espazos ou equipamentos afectados.

Unha vez identificados, represéntanse nunha plataforma GIS para a análise final dos puntos identificados que tratar no plan de continxencia, e para a interoperabilidade entre os entes e medios tecnolóxicos, no proceso de seguimento e control do plan.

Validación de datos obtidos polos responsables municipais

En colaboración cos responsables municipais e/ou Comité de Xestión designado, **realizarase unha análise dos resultados obtidos por medio da metodoloxía informática descrita e validaranse ou axustaranse á realidade do ambiente.**

En caso de discrepancias co modelo, deberá de se analizar e discutir a causa e acordar unha postura sobre o seu uso. Por exemplo, para algúns recursos turísticos, no caso de existiren, utilizaranse os rexistros de visitantes dos anos anteriores.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN

O **CAMIÑO DE SANTIAGO** dispón dun plan de continxencia xeral que se pode establecer individualmente para cada recurso turístico, consonte a natureza, servizos, equipamentos, etc., destes. No entanto, serán os propios responsables municipais de cada área os encargados de adecualo á idiosincrasia de cada espazo e servizo.

O responsable do plan encargárase de coordinar as medidas e recomendacións, apoiándose nunha estrutura de persoal abonda provista desde os servizos municipais.

Como mecanismo de xestión, e tal como recomenda a serie de Especificacións UNE-0066 — Medidas para reducir o contaxio por coronavirus SARS-CoV-2 —, recomendouse que, para este tipo de traballos que afectan transversalmente, convén dispor dun grupo de traballo ou **Comité de Xestión** encargado de coordinar todos os aspectos do plan de continxencia deseñado.

Comité de Xestión

Para un concello, tratar o tema da pandemia COVID-19 implica un gran reto por mor da magnitude e a repercusión que esta ten.

Do mesmo xeito, cómpre lembra que o plan de continxencia ha afectar a toda a estrutura do concello, polo que torna imprescindible conformar un grupo de traballo que ha pasar a denominarse, en adiante, Comité de Xestión.

Por iso, hanse establecer canles de información para o comité relacionarse cos diferentes empregados e estes, ao seu tempo, cos peregrinos: cuxo coñecemento e participación é imprescindible para aplicar correctamente as medidas recollidas no plan.

No seguinte gráfico obsérvase que será o Comité de Xestión sobre quen caia a toma de decisións e o encargado de manter unha estreita e constante relación tanto coas autoridades competentes como cos empregados, sendo estes os encargados de pór a información en coñecemento dos peregrinos.



Diagrama de fluxo de información

Aínda que se poderá adaptar a estrutura final ás necesidades de cada momento, considérase que no **Comité de Xestión** participen polo menos as seguintes figuras da estrutura municipal:

- Coordinador responsable do Comité de Xestión
- Representantes dos Comités de Seguridade e Saúde dos recursos turísticos ou representante dos traballadores.
- Representante dos servizos de limpeza
- Representante dos servizos de protección civil
- Representante dos servizos de mantemento

O coordinador será o máximo expoñente do comité e o encargado de coordinar o traballo de todas as entidades e departamentos envoltos.

O Comité de Xestión, como figura clave do plan de continxencia, debe de incluír representación legal dos traballadores da empresa ou, no caso de existir, a participación dun representante do Comité de Seguridade e Saúde. Do mesmo xeito, deberán de se cubrir todos os seus postos, dispoñendo de persoal suplente para cada un deles, de forma que se poida actuar perante calquera continxencia.

O Comité de Xestión ha programar reunións periódicas de seguimento que na fase inicial serán máis habituais para facilitar a adaptación do plan de continxencia ás necesidades dos recursos turísticos, fomentando os acertos e corrixindo aqueles aspectos que non fosen axeitados para a planificación prevista.

O comité é responsable de desenvolver o deseño, implantación e xestión do plan de continxencia, así como de garantir a súa correcta aplicación. Aínda que a maioría se recollen neste documento, as **funcións principais do Comité de Xestión²** son as seguintes:

- Establecer os obxectivos que acadar.
- Establecer os mecanismos para recoller a información que permita adoptar as mellores decisións (consultas ás autoridades, representantes dos traballadores se os houber, empregados, especialistas, etc.).
- Identificar os riscos e realizar unha análise destes.
- Definir estratexias.
- Diseñar o plan de continxencia e as medidas de protección necesarias.
- Establecer a forma na que se coordinan tanto os seus propios membros entre si, como estes cos representantes dos traballadores, servizo de PRL ou a persoa con esas funcións, consonte a modalidade preventiva que escollese o albergue; así como cos empregados, autoridades competentes en cada materia, provedores e subcontratas.
- Establecer o plan de continxencia e supervisar o seu cumprimento.
- Valorar a eficacia do plan de continxencia e modifícalo se for necesario.
- Actuar segundo o protocolo en caso de alarma.

² Fonte: Plan de continxencia e continuidade de negocio do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e INCIBE

Protocolo de comunicación interno

A comunicación interna é aquela que vai dirixida ao "público" de dentro da empresa, é dicir, os traballadores e empregados, sexa cal for o seu rango dentro da organización. A base da súa importancia está ligada á necesidade das compañías motivaren o seu equipo humano, integralo no seo da organización e facelo partícipe da empresa, xa que, cun persoal motivado, a empresa pode ser máis competitiva e eficaz.

Cómpre diferenza entre **comunicación interna descendente e ascendente**. Para o caso da estrutura de persoal do concello, a primeira é aquela que se dá entre o Comité de Xestión e os responsables municipais de cada un dos recursos turísticos, namentres a segunda é a que se dá no sentido contrario e son os responsables dos recursos turísticos os que trasladan a información concreta ao comité para que se poidan adoptar as medidas axeitadas.

Ambas son fundamentais, como tamén que os responsables de establecer as medidas sintan que son un activo importante e trasladen aos seus representantes no comité as suxestións que consideraren e informen de calquera incidencia. Por iso, desde o comité debe de se fomentar a comunicación interna ascendente.

No tocante á COVID-19, os protocolo de comunicación interna adquiren especial relevancia.

- Os responsables do Comité de Xestión deben garantir que **os responsables de cada recurso turístico reciben a información suficiente, coñecen o plan de continxencia** e teñen a formación axeitada para implantalo, así como para trasladalo convenientemente ao resto de traballadores, aos usuarios e/ou peregrinos.
- Os responsables de cada recurso turístico deben de se sentir pezas clave nos mecanismos de prevención ao contaxio, e deben fomentar que se establezan as medidas para as que foron informados e velar polo seu cumprimento tratando de adoptar medidas efectivas e consoantes co protocolo e en cooperación, en todo momento, co resto do persoal.
- Os responsables deben de ter mecanismos para canalizar a información recibida de usuarios e/ou peregrinos, ou detectada por calquera traballador ou por eles mesmos, ao comité para adoptar as medidas concretas, quer adicionais quer correctivas.

Malia **a comunicación interna ser vital** en calquera eido, a gravidade sanitaria da COVID-19 é especialmente crítica, polo que cómpre poñer atención ao seu correcto funcionamento e a obriga de que o use todo o persoal.

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS

No eido dos recursos turísticos do Camiño concéntranse elementos e espazos que deberán de ser tratados coas medidas axeitadas para reducir o risco de contaxio entre os diferentes usuarios e peregrinos.

Se ben existe un gran grupo de medidas que se poden considerar xerais, as características son propias de cada recurso, polo que se poden identificar medidas específicas.

En calquera ámbito se identifican catro grandes grupos de medidas perante ao coronavirus, que serán analizadas e aplicadas en conxunto, en maior ou menor intensidade para cada espazo ou elemento co único obxectivo de minimizar o risco de contaxio:

1. **Medidas de control de capacidade e distanciamento**
2. **Medidas para reducir o risco por contacto** Limpeza e desinfección
3. **Medidas de información e comunicación**
4. **Medidas de protección individual**



Aínda que desde o Comité de Xestión se traballe cos responsables de cada recurso turístico na aplicación das medidas colectivas que corresponderen, é imprescindible **fomentar a información** aos traballadores e aos usuarios e peregrinos, xa que a **responsabilidade de cada persoa é o mellor mecanismo para evitar o contaxio por COVID-19**.

Medidas de control de capacidade e distanciamento

Posto en común pola maior parte de expertos sanitarios e epidemiólogos a nivel mundial, considérase que a **principal medida para evitar o risco de contaxio é a distancia social**.

Ata o de agora, e a pesar de que as recomendacións se actualizan consonte aumenta a información, **as autoridades sanitarias estableceron como norma manter unha distancia de seguridade entre persoas de 1,50 metros como mínimo**.

A esa distancia, as partículas de cuspe ou pingas que pode expulsar calquera persoa ao respirar, tusir ou esbirrar, non chegan a quen estiver preto, e así evitaremos o contaxio directo por inhalación de aire.

En moitas ocasións non resulta sinxelo manter a distancia recomendada, polo que torna necesario que en cada recurso turístico se establezan uns mecanismos de control que permitan garantir a seguridade de todas as persoas e usuarios/peregrinos.

Existen dous parámetros relacionados coa ocupación, que son a **capacidade máxima** do recurso turístico, que irá ligada á distancia social, e **o tempo de exposición** en ambientes contaminados (en especial espazos pechados). Por iso, en termos xerais, hanse establecer capacidades limitadas e que os tempos de exposición, dentro do necesario, se minimicen para permitir a rotación e diminuír a probabilidade de contaxio.

Cada elemento ou espazo ten unhas consideracións particulares. Porén, gran parte das consideracións son de aplicación ao conxunto de elementos e, polo tanto, poden ser consideradas como xerais. Cómpre sinalar que colocar elementos de separación (biombos, tabiques, etc.) garante a protección entre dúas persoas e posibilita un achegamento inferior á distancia establecida de 1,50 metros sen risco de contaxio.

No documento de protocolos e instrucións de aplicación anexo ao plan de continxencia explícanse as diferentes tarefas que desenvolver para controlar o risco de contaxio, así como os complementos de información e comunicación, baseados en carteis e sinais que se poden empregar.

A guía estruturouse por medio dunha análise daquelas recomendacións xerais, que son válidas para calquera espazo, e posteriormente identificáronse algunhas medidas específicas complementarias para algúns recursos turísticos concretos, e efectuouse unha análise dos espazos, equipamentos e servizos que poden existir dentro dos recursos turísticos.

Medidas de limpeza e desinfección

Limpar e desinfectar son termos complementarios, mais non iguais.

- **Limpar** é un procedemento polo que se dissolve ou suspende a sucidade, polo xeral con auga con deterxente.
- **Desinfectar**, en troques, consiste en eliminar os microorganismos das superficies con axentes químicos.

A limpeza e desinfección son as accións máis importantes que cómpre realizar nos espazos con afluencia de peregrinos a fin de reducir o risco de contaxio. Isto é así porque a limpeza, e en especial a desinfección, é o que evita a presenza de bacterias, parasitos e virus que poidan ser contaminantes, mais tamén de calquera tipo de sucidade. Está considerado polos especialistas en saúde que manter ambientes limpos e hixiénicos acotío é un dos elementos máis importantes para a saúde das persoas, ademais de que ofrece uns beneficios engadidos obvios:

1. Proxectarase unha mellor imaxe aos peregrinos.
2. A confianza dos peregrinos ha ser máis alta.
3. Minimiza o risco de contaminación dos produtos e instalacións.
4. A vida útil e a efectividade dos elementos aumenta.
5. Crea bos hábitos de limpeza no persoal e os usuarios/peregrinos.

Deste xeito, cómpre que os responsables de **cada recurso turístico dispoñan dun programa de limpeza e desinfección** axeitado para as instalacións como para a nova situación de prevención do risco de contaxio por COVID-19, baseado nas directrices do Comité de Xestión.

No programa terán que constar todos os espazos, elementos e equipamentos que se deben de limpar e desinfectar, cal ha ser a frecuencia coa que se limpe e desinfecte, cal serán os produtos e ferramentas que se empreguen, que procedemento e técnicas se van utilizar e, por último, quen ha ser a persoa responsable de realizar o proceso.

Desde o punto de vista do plan de continxencia, no tocante á **limpeza**, enténdese que o programa anterior³ á pandemia empregado polos responsables de cada recurso turístico pode ser suficiente, sempre que, segundo a categorización do risco do espazo e o factor de corrección aplicado, non implique medidas adicionais e o aumento de frecuencias de desinfección.

Porén, no tocante á **desinfección**, cómpre repensar os tratamentos e, en termos xerais, aumentar significativamente a súa frecuencia, en especial sobre aqueles elementos de risco de contaxio que impliquen o contacto dos usuarios e peregrinos: interruptores, botóns de ascensores, asas de portas, cadeiras, billas, teléfonos, lavabos, inodoros, etc.

³ Enténdese que os programas de limpeza e desinfección xa cumprían como mínimo coas desinfeccións establecidas como habituais para este tipo de espazo neste plan de continxencia.

Para facilitar os procesos de limpeza e desinfección e asegurar as garantías de hixiene, como norma habitual é recomendable eliminar todos os elementos decorativos das dependencias e fomentar os mecanismos "contactless" ou metodoloxías asociadas ao uso dos teléfonos móbiles de cada peregrino.

No documento de protocolos e instrucións de aplicación anexo ao plan de continxencia detállanse as diferentes tarefas para controlar o risco de contaxio, así como os complementos de información e comunicación, baseados en carteis e sinais, que se poden empregar.

A guía estruturouse por medio dunha análise daquelas recomendacións xerais, que polo tanto son válidas para calquera espazo, e posteriormente identificáronse algunhas medidas específicas complementarias para algúns recursos turísticos concretos, e efectuouse unha análise dos espazos, equipamentos e servizos que poden existir dentro dos recursos turísticos.

Medidas de información e comunicación

Resulta esencial a **responsabilidade individual de cada persoa** (traballadores e peregrinos) para evitar o risco de contaxio.

Por iso, **ten especial importancia** que os usuarios e traballadores de cada recurso turístico localizado nas diferentes rutas do Camiño **estean perfectamente informados**, tanto dos riscos como das medidas de aplicación colectivas ou individuais.

A información pode trasladarse individualmente, pódese explicar en reunións ou exposicións verbais (en especial aos traballadores), ou mesmo mediante o plan de continxencia dos recursos turísticos do Camiño. No entanto, é imprescindible completar as directrices de uso dos servizos e espazos.

Han empregarse carteis específicos para informar das medidas de aplicación con especial atención ás directrices de actuación, o mantemento da distancia de seguridade, a importancia do uso das medidas de protección individual e o cumprimento da normativa vixente.

É importante que o responsable de cada recurso turístico, ou o responsable de información e comunicación das diferentes rutas do Camiño, seleccione os lugares estratéxicos para colocar a información xeral e aqueles puntos especiais pola súa proximidade a focos de contaxio.

No documento de protocolos e instrucións de aplicación anexo ao plan de continxencia inclúese, xunto coa explicación das diferentes tarefas para controlar o risco de contaxio, os complementos de información e comunicación, con algúns modelos de carteis e sinais que se poden empregar.

A guía está estruturada por medio do deseño de carteis informativos xerais adaptables a calquera espazo. Posteriormente engadíronse algúns exemplos de carteis específicos para algúns espazos concretos. No manual de fichas con medidas específicas para cada un dos elementos identificados inclúense os carteis informativos de referencia.

Medidas de protección individual

As medidas de **equipos de protección individual (EPI)** son, por definición, as últimas que os responsables de cada recurso deben de considerar, xa que implican a colaboración do peregrino. Xa que logo, o labor dos traballadores consistirá en velar pola correcta aplicación por parte dos peregrinos, lembrándollo se for necesario e adoptando as medidas correspondentes.

O uso de EPI debe de se propor como un complemento das medidas de prevención colectivas (medidas de control de capacidade e distanciamento, medidas de limpeza e desinfección e medidas de información e comunicación), explicadas nas aliñas anteriores.

A finalidade dos equipos de protección individual é a de evitar que a persoa se contaxie por medio de dúas vías principais:

1. Contacto directo con superficies contaminadas e o posterior contaxio do peregrino por transmisión oral, nasal ou ocular.
2. Inhalación do virus por transmisión aérea proveniente doutras persoas achegadas.

Na guía de medidas da parte final do plan de continxencia inclúese un manual de características e uso de cada un dos EPI que se poidan empregar:

- Uso obrigatorio da máscara
- Pantallas de protección facial
- Luvas de protección individual

Vanse explicar todas elas polo miúdo, mais cómpre sinalar que a lexislación vixente **obriga a usar máscaras**.

No documento de protocolos e instrucións de aplicación adxunto ao plan de continxencia inclúese unha explicación dos principais equipos de protección individual que poderían ser utilizados por peregrinos ou traballadores e unhas normas básicas para un uso correcto.

Importancia do mantemento preventivo

A pesar de non tratarse exactamente dun tipo de medidas, **o mantemento preventivo asociado a que todos os elementos e equipos de cada recurso**

turístico funcionen correctamente é fundamental para evitar os contaxios, aspecto esencial para os recursos catalogados como edificios turísticos.

Cando un elemento falla, o habitual é que o usuario trate de manipulalo, o que aumenta exponencialmente o contacto con superficies que poden estar contaminadas. Hai bastantes posibilidades de que os seguintes usuarios actúen do mesmo xeito, o que provocaría un punto crítico perante o contaxio.

Por iso, cómpre lembrar ao responsable de mantemento de cada recurso turístico a importancia de todo funcionar correctamente (billas automáticas, chaves, pechaduras, equipamentos, etc.) e de vixiar especialmente que o sistema de ventilación traballa axeitadamente e estea en bo estado (cambio de filtros, revisións, etc.) consonte as directrices do fabricante.

É habitual que o servizo de mantemento subcontrate parte das tarefas relacionadas coa prevención da COVID-19 a empresas especializadas. Neste caso, será o persoal traballador destas empresas o encargado das revisións, e serán os responsables de mantemento os encargados de velar porque así sexa, dando parte ao Comité de Xestión en caso contrario para adoptaren as medidas oportunas.

Adicionalmente, e vinculado directamente coa aplicación de medidas e, en especial, coas de protección individual, o responsable de cada recurso turístico e os seus traballadores deben de verificar que todos os elementos de protección individual funcionan correctamente e están a disposición do peregrino, repoñéndoo e substituíndoos con frecuencia se for necesario. Por exemplo, colocando botes de solución hidroalcohólica na entrada dos edificios e próximos a cada foco de atracción.

SISTEMA DE CÁLCULO DE CAPACIDADE

Tal e como se adiantou no informe, **a mellor medida para evitar o contaxio é a distancia social** entre persoas.

A **capacidade máxima** de cada espazo de uso público **está directamente ligada coa distancia social e polo tanto co risco de contaxio por coronavirus**.

O risco de contaxio prodúcese por dúas grandes vías:

- Escaso distanciamento entre persoas.
- Contacto de diferentes persoas con superficies contaminadas.

Calquera delas empeora cando aumenta o número de usuarios nalgún espazo concreto, o cal vai estreitamente ligado coa capacidade máxima.

As recomendacións sanitarias adoitan ir orientadas a limitar a capacidade legal de cada espazo ou establecemento. É dicir, como primeira premisa, **a capacidade de cada zona calcularase aplicando a porcentaxe de capacidade permitida polas autoridades á capacidade máxima de que se dispón.**

Aínda que a directriz anterior é xeral e considérase a principal medida de aplicación ao respecto, esta debe de ir acompañada de medidas de distanciamento efectivas realizadas no propio establecemento e coordinadas polo Comité de Xestión.

Aínda que non existe documentación específica para calculalas, as autoridades empregaron algúns criterios determinados para determinar as capacidades:

- Para os espazos turísticos en exteriores extrapolouse o *Método de cálculo simplificado de aforos de las playas en tiempo de coronavirus*, elaborado polo catedrático D. Víctor Yepes Piqueras en maio de 2020.
- Para os edificios turísticos, optouse por facer referencia aos límites de capacidade que regula, desde a súa publicación no ano 2006, o Código Técnico da Edificación.

Cálculo de capacidade en espazos turísticos exteriores

O cálculo da capacidade para os espazos turísticos en exteriores baséase na extrapolación e simplificación dos datos achegados no *Método de cálculo simplificado de aforos de las playas en tiempo de coronavirus*, redactado por D. Víctor Yepes Piqueras, YEPES, V. (2020). *Método simplificado de cálculo del aforo de las playas en tiempos de coronavirus*. Universitat Politècnica de València, 16 p. DOI:10.13140/RG.2.2.24392.55042

<https://victoryepes.blogs.upv.es/2020/06/04/metodo-simplificado-de-calculo-del-aforo-de-las-playas-en-tiempos-de-coronavirus/>”

Cómpre sinalar que os cálculos que se expoñen deseguido deberán de se considerar orientativos, xa que a capacidade máxima do espazo ficará determinada finalmente polo responsable da avaliación de riscos segundo o espazo, cumprindo sempre cos eixos principais sinalados ao comezo deste documento.

Antes de valorar cada tipo de recurso turístico en exteriores, sería importante matizar o significado de cada unha das variables que se han empregar:

- **Distancia de seguridade (ds)**, distancia á que deben de estar os usuarios e peregrinos para reducir o risco de contaxio. No momento de redacción do plan de continxencia, as autoridades sanitarias establecen como distancia de seguridade 1,50 metros.⁴
- **Ocupación segura**, é o valor que determina o número de persoas para exercer a actividade de cada espazo con seguridade.
- **Zona libre**, aplícase á área onde non haberá usuarios en repouso e o dinamismo é constante. Trátase dunha zona dinámica.
- **Zona de repouso / Área de descanso de peregrinos**, área reservada para a estancia de usuarios. Trátase dunha zona estática.


Cómpre sinalar que o cálculo simplifícase utilizando, polo xeral, **criterios conservadores**.

A pesar de que no sistema de cálculo cada persoa é considerada un elemento estático que non se despraza dentro da área, a perda de ocupación derivada da imposibilidade de movemento de persoas compénsase de sobra ao considerar o sistema a ocupación por usuarios individuais, cando en realidade unha porcentaxe moi elevada se agrupará en unidades familiares e, polo tanto, o número de persoas que poden acceder á área será superior.

⁴ No caso de as autoridades sanitarias variaren a distancia de seguridade mínima entre usuarios para espazos exteriores, será necesario actualizar os cálculos.

Prazas / Miradoiros / Parques / Auditorios

Por mor do seu dinamismo (lento) e a posición do usuario, predominantemente vertical, enténdese que a ocupación máxima do recurso débese calcular como Ocupación Estática Segura (OES), é dicir, estimando os usuarios nun mallado en cuadrícula en toda a superficie do recurso.




Considerando $d_s = 1,50$ m, a capacidade dunha praza calcúlase dividindo a superficie da praza/miradoiro/parque/rúa entre $2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$.

Ratio ocupación praza / miradoiro / parque / rúa = $2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$

Aínda que non é o habitual, nalgúns parques poderían considerarse zonas de estancia para os usuarios, en tal caso aplicarase o sistema de cálculo para espazos naturais protexidos.

Avenidas / Rúas / Paseos / Bulevares

Por mor do seu dinamismo (lento) e a posición do usuario, predominantemente vertical, enténdese que a ocupación máxima do recurso débese calcular como Ocupación Estática Segura (OES).




Considerando $d_s = 1'50$ m, a capacidade dunha avenida/rúa/paseo/bulevar calcúlase dividindo súa superficie entre $2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$.

Ratio ocupación avenidas / rúas / paseos / bulevares = $2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$

Estradas comarcais

Por mor do seu dinamismo (lento) e a posición do usuario, predominantemente vertical, enténdese que a ocupación máxima do recurso débese calcular como Ocupación Estática Segura (OES), é dicir, estimando os usuarios nun mallado en cuadrícula en toda a superficie do recurso.




Considerando $d_s = 1,50$ m, determínase que a capacidade dunha estrada comarcal calcúlase dividindo a superficie da estrada entre $2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$.

$$\text{Ratio ocupación estradas comarcais} = 2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$$

Sendas peonís

Por mor do seu dinamismo (lento) e a posición do usuario, predominantemente vertical, enténdese que a ocupación máxima do recurso débese calcular como Ocupación Estática Segura (OES), é dicir, estimando os usuarios nun mallado en cuadrícula en toda a superficie do recurso.



Considerando $d_s = 1,50$ m, determínase que a capacidade dunha senda peonil calcúlase dividindo a superficie da senda entre $2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$.

$$\text{Ratio ocupación sendas peonís} = 2,25 \text{ m}^2/\text{persoa}$$

Espazos naturais protexidos

Ao tratarse dun espazo onde hai zonas estáticas e dinámicas, espazos onde o usuario pode estar de pé ou sentado, enténdese que cómpre diferenciar con sinais que zonas son de repouso e cales libres.

A zona libre propón como unha Ocupación Segura (OS) próxima á Ocupación Estática Segura (OES).

$$OES = d_s^2$$

Aplicando para as zonas de circulación d_s : 1,50 m² a superficie por persoa é de 2,25 m².

Pola súa banda, a zona de repouso estímase así:

$$ODS = 2d_s^2$$

Aplicando para as zonas de circulación d_s : 1,50 m² a superficie por persoa é de 4,50 m².

Para realizar unha estimación da fracción da superficie que equivale á zona de repouso á que equivalente unha zona libre, estímase unha superficie rectangular de 945 m² (45x21) onde se dispón dunha zona máis dinámica no centro como eixo central e pequenas ramificacións para dar acceso ás zonas de repouso, como se representa no exemplo adxunto:



Desta exposición estímase que, ao analizar **os espazos naturais protexidos**, **1/3 da superficie será zona libre, namentres o 2/3 da superficie será zona de repouso.**

Facendo os cálculos sobre unha parcela de 945 m^2 (315 m^2 de zona libre ou de circulación e 630 m^2 de repouso), a cantidade de persoas resulta:

- $315 \text{ m}^2 / 2,25 \text{ m}^2/\text{persoa} = 140$ persoas nas zonas de circulación.
- $630 \text{ m}^2 / 4,50 \text{ m}^2/\text{persoa} = 140$ persoas nas zonas de repouso.

É dicir, para 945 m^2 calcúlase unha capacidade de 280 persoas ($3,37 \text{ m}^2/\text{persoa}$).

A xeometría dos espazos non adoita cingirse a figuras xeométricas facilmente divisibles, polo que a capacidade calcúlase algo inferior. Porén, como non se trata, polo xeral, de usuarios individuais mais de unidades familiares **considérase utilizar o ratio obtido $3,37 \text{ m}^2/\text{persoa}$ como metodoloxía de cálculo simplificada para espazos naturais protexidos.**

Ratio ocupación espazo natural protexido = $3,37 \text{ m}^2/\text{persoa}$

Cómpre sinalar que nos espazos naturais protexidos, en moitos casos non se permite a estancia dos usuarios en todo o espazo, polo que o parámetro de capacidade hase calcular sobre a superficie habilitada para estes.

Praias / Ribeiras / Piscinas

O cálculo de praias era o obxecto da metodoloxía desenvolvida polo profesor D. Víctor Yepes Piqueras en “El modelo simplificado de cálculo del aforo de las playas en tiempo de coronavirus”.

Ao tratarse dun espazo onde hai zonas estáticas e dinámicas, nas que o usuario pode estar de pé ou sentado, nunha toalla, parasol ou debaixo dun toldo, enténdese que cómpre diferenciar con sinais que zonas son de repouso e cales libres.

O cálculo de superficies en praias realízase por medio dun esquema de zonas:



Figura 12. Esquema típico das zonas nunha praia mediterránea

Os **usuarios na zona libre** calcúlanse mediante a seguinte fórmula:

$$U_{zl} = \frac{2 \cdot L}{d_s}$$

Pola súa banda, na **zona de repouso** estímase mediante unha ocupación de seguridade mínima:

$$U_{zr} = \frac{A_{zr} \cdot L}{OES_{zr}} \cdot \left(1 - \frac{A_{acc} - A_p \cdot N_p}{S_{acc}} \right)$$

U_{zr}: Usuarios en zona de repouso

Azr: Ancho da zona de repouso

L: Lonxitude da praia

OESzr: Ocupación estática segura na zona de repouso (usarase 5,5 segundo a táboa)

Aacc: Ancho total de accesos

Ap: Ancho de corredores

Np: Número de corredores

Sacc: Separación de accesos

Para iso, utilizarase de referencia a táboa formulada pola **media** entre usuarios en toallas, parasoles, toldos... utilizando unha distancia de seguridade de 1,50 metros.

Tabla 1. Ocupación estática segura en función del tipo de agrupación de personas y de la distancia de seguridad

d_s (m)	OES _{toalla} (m ² /persona)	OES _{sombrilla} (m ² /persona)	OES _{toldo} (m ² /persona)	Promedio (m ² /persona)
1,5	4,1	5,7	6,8	5,5
2,0	6,0	7,0	8,3	7,1
2,5	8,1	8,4	10,1	8,9
3,0	10,5	9,9	12,0	10,8
3,5	13,1	11,6	14,1	12,9
4,0	16,0	13,4	16,3	15,2
4,5	19,1	15,3	18,8	17,7
5,0	22,5	17,3	21,3	20,4
5,5	26,1	19,5	24,1	23,2
6,0	30,0	21,7	27,0	26,2

A **capacidade bruta** calcúlase sumando os usuarios que ocupan a zona libre U_{zl} , mais os que ocupan a zona de repouso U_{zr} , atendendo as características da praia, velocidade e tipoloxía de ocupación dos usuarios da zona de repouso.

$$CAPACIDADE_{bruta} = U_{zl} + U_{zr}$$

Para realizar unha estimación, utilizarase o exemplo indicado en “El modelo simplificado de cálculo del aforo de las playas en tiempo de coronavirus”, redactado por **Víctor Yepes Piqueras**: “Poñamos unha praia de 2500 metros de lonxitude e un largo de 60 metros. Dispóñense accesos por medio dun sistema de dobre pasarela para separar o fluxo de entrada e saída, cuxo largo total é de 10 metros; os accesos á praia por esas pasarelas están separados 70 metros. Entre ambos accesos inclúense dous corredores adicionais que atravesan a zona de repouso, cun largo de 5 metros”.

Disporase unha distancia de seguridade (d_s) de 1,50 metros, e a ocupación ficará determinada pola definida no catro (5,5), cunha disposición:




Figura 15. Esquema de funcionamento e zonificación dunha praia

O número de usuarios da zona de repouso é de 11 363 persoas e da zona libre 3333 persoas, polo que teríamos unha capacidade de 14 696 persoas.

Así, determínase que a capacidade da praia é de 10,20 m²/persoa.

Extrapolando o cálculo a calquera praia que se poida ver afectada, considérase que a capacidade desta hase determinar para praias/ribeiras/piscinas dividindo o espazo habilitado para os usuarios entre 10,20 m²/persoa.

$$\text{Ratio ocupación praias/ribeiras/piscinas} = 10,20 \text{ m}^2/\text{persoa}$$

Cálculo de capacidade en edificios de carácter turístico

A capacidade no interior dos edificios está regulado no **Código Técnico da Edificación (CTE)**. A norma establece ratios de ocupación consonte a actividade de cada edificio, de xeito que é posible determinar a capacidade máxima permitida segundo o tamaño e a actividade do recurso turístico.

Xa que logo, a **capacidade** calcúlase en función do **uso** do establecemento, segundo o definido no **Código Técnico da Edificación (CTE)**, nun dos seus **Documentos Básicos (DB)**, correspondente á **Sección de Seguridad contra Incendios N° 3 (SI3)** e máis especificamente na aliña relativa á **Evacuación de Ocupantes**.

Cómpre **asociar a actividade que se desenvolve no edificio cun uso** e, deseguido, subdividila consonte as actividades específicas que se van desenvolver. A suma de todas elas pode variar o cálculo final da capacidade permitida.

CTE – SI3 SECCIÓN DE SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS

Táboa 2.1. Densidades de ocupación ⁽¹⁾

Uso previsto	Zona, tipo de actividade	Ocupación m ² /persoa
Calquera	Zonas de ocupación ocasional e accesibles unicamente a efectos de mantemento: salas de máquinas, locais para material de limpeza, etc.	Ocupación nula
	Aseos de planta	3
Residencial Vivenda	Plantas de vivenda	20
Residencial Público	Zonas de aloxamento	20
	Salóns de uso múltiple	1
	Vestíbulos xerais e zonas xerais de uso público en plantas de soto, baixa e entresollado	2
Aparcadoiro ⁽²⁾	Vinculado a unha actividade suxeita a horarios: comercial, espectáculos, oficina, etc.	15
	Noutros casos	40
Administrativo	Plantas ou zonas de oficina	10
	Vestíbulos xerais e zonas de uso público	2
Docente	Conxunto da planta ou do edificio	10
	Locais de diferentes aulas, como laboratorios, talleres, ximnasios, salas de debuxo, etc.	5
	Aulas (excepto de escolas infantís)	1,5
	Aulas de escolas infantís e salas de lectura de bibliotecas	2
Hospitalario	Salas de espera	2
	Zonas de hospitalización	15
	Servizos ambulatorios e de diagnóstico	10

	Zonas destinadas a tratamiento a pacientes internados	20
Comercial	En establecimientos comerciales:	
	áreas de ventas en plantas de sótano, baja y entreplanta	2
	áreas de ventas en plantas diferentes de las anteriores	3
	En zonas comunes de centros comerciales:	
	mercados y galerías de alimentación	2
	plantas de sótano, baja y entreplanta o en cualquier otra con acceso desde el espacio exterior	3
	plantas diferentes de las anteriores	5
	En áreas de venta en las que no sea previsible gran afluencia de público, tales como exposición y venta de muebles, vehículos, etc.	5
Pública concurcencia	Zonas destinadas a espectadores sentados:	
	con asientos definidos en el proyecto	1 pers/asiento
	sin asientos definidos en el proyecto	0,5
	Zonas de espectadores de pie	0,25
	Zonas de público en discotecas	0,5
	Zonas de público de pie, en bares, cafeterías, etc.	1
	Zonas de público en gimnasios:	
	con aparatos	5
	sin aparatos	1,5
	Piscinas públicas	
	zonas de baño (superficie de los vasos de las piscinas)	2
	zonas de estancia de público en piscinas descubiertas	4
	vestuarios	3
	Salones de uso múltiple en edificios para congresos, hoteles, etc.	1
	Zonas de público en restaurantes de "comida rápida", (p. ej: hamburgueserías, pizzerías...)	1,2
	Zonas de público sentado en bares, cafeterías, restaurantes, etc.	1,5
	Salas de espera, salas de lectura en bibliotecas, zonas de uso público en museos, galerías de arte, ferias y exposiciones, etc.	2
	Vestibulos generales, zonas de uso público en plantas de sótano, baja y entreplanta	2
	Vestibulos, vestuarios, camerinos y otras dependencias similares y anejas a salas de espectáculos y de reunión	2
	Zonas de público en terminales de transporte	10
	Zonas de servicio de bares, restaurantes, cafeterías, etc.	10
	Archivos, almacenes	40

A aliña de **Evacuación de Ocupantes da Sección SI 3 de Seguridade contra Incendios** anteriormente mencionada, destaca que para calcular a ocupación se deben tomar os valores de densidade de ocupación que se indican na táboa 2:1, segundo a superficie útil de cada zona, agás cando sexa previsible unha ocupación maior, ou ben cando sexa esixible unha ocupación menor en aplicación dalgunha disposición legal de obrigado cumprimento. Doutra banda, naquelas zonas que non estiveren incluídas nesta táboa, cómpre aplicará os valores correspondentes aos que sexan máis asimilables.

A táboa fai unha clasificación dos usos previstos máis comúns, a zona, o tipo de actividade e o número de metros cadrados (m^2) por persoa permitidos para a ocupación. Así, os usos poden ser: comerciais, administrativos, residencial de vivenda, residencial público, aparcamento, docente, hospitalario e de pública concorrencia (onde se incluírán as piscinas).

Polo tanto, consideraranse todos os espazos e usos do local ou da piscina. Calculárase a **superficie total en m^2 de cada recurso, dividida entre os m^2 /persoa permitidos**, segundo os valores de densidade da táboa e, finalmente, sumarase o total de ocupación en cada espazo para calcular a capacidade máxima.

Para iso cómpre coñecer, para cada espazo dentro do edificio:

- **Que tipo de actividade** se realiza.
- O "uso" previsto para o inmovible e a **actividade** que se desenvolve en cada peza deste, xa que en función diso, o cálculo da ocupación (capacidade) pode variar.

No entanto, cómpre sinalar que para calcular a **capacidade pública**, só se terá en conta aquelas pezas onde o peregrino tiver acceso sen restricións.

A normativa obriga a dispor para cada edificio da correspondente licenza de actividade⁶, polo que neste documento hase determinar a capacidade máxima do recurso turístico.

⁶ En caso de non dispor da capacidade, un técnico con competencias ha de ser o encargado de calculala e certificala.

RECURSOS

A aplicación do plan de continxencia require que o Comité de Xestión achegue os recursos necesarios para establecelo e controlalo.

Cómpre garantir que os recursos para a aplicación das medidas sexan suficiente para reducir o risco.

Recursos humanos

Tal como se estableceu, existirá un **Comité de Xestión que ha realizar a coordinación global dos recursos turísticos**, fomentando que as medidas e actuacións nestes se realicen coordinadamente.

Ademais, cada recurso ha dispor dun responsable que actuará como interlocutor entre o comité e o resto de empregados. Segundo a estrutura municipal, algunhas persoas poderán ser responsables de varios recursos, pola súa tipoloxía ou calquera outro criterio municipal.

Unha das funcións principais do responsable do recurso será supervisar, directamente ou co persoal de apoio designado, que se cumpren as medidas establecidas no plan de continxencia e solicitar, se for necesario, o material de prevención preciso.

O resto dos traballadores deberán de estar informados do plan de continxencia para o seu coñecemento e aplicación no que lles corresponda.

Recursos materiais

No caso de non dispor dos recursos materiais necesarios para establecer o plan de continxencia nun recurso turístico, recoméndase pechar o espazo ou servizo ata que se poidan implementar as medidas.

Dentro da xestión de recursos materiais, adquire especial importancia dotar aos empregados de cada recurso de todas as medidas de protección individual axeitadas (máscaras, xel, luvas, etc.).

Para desenvolver o traballo, cómpre designar unha persoa responsable da tarefa, encargada de supervisar o stock e realizar a xestión de compras correspondente, tratando de anticiparse a unha posible falta de subministro que impida aplicar as medidas.

CONTROL E SEGUIMIENTO

Após establecer o plan de continxencia, como en calquera eido, é labor do Comité de Xestión realizar un seguimento periódico dos traballos realizados, das medidas adoptadas e dos resultados obtidos.

Faise referencia á **Especificación Técnica: "Medidas para reducir o contaxio por SARS-CoV-2. Camiños de Santiago Seguros. Directrices e Recomendacións"** publicada polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE) en xuño do ano 2020.

Control de medidas aplicadas

O principal **obxectivo do seguimento** do plan de continxencia radica en **verificar que se están a cumprir correctamente as medidas especificadas** neste.

Para iso, o responsable de cada recurso ha verificar as tarefas previstas e se se están a aplicar. **Poderase valer de táboas ou documentación de apoio** xerada para tal efecto e facer, cunha frecuencia elevada, un seguimento a modo de "auditoría interna".

Para os plans de limpeza, é habitual empregar táboas de rexistro que cada empregado ha cubrir cando efectúe a quenda de limpeza correspondente.

O responsable de control avaliará continuamente as medidas establecidas e **determinará se estas son útiles, eficaces e están correctamente dimensionadas**.

Axustes do plan de continxencia

Asociado ao seguimento do cumprimento das medidas, **no caso de detectar que algunha medida non está a dar o resultado agardado**, e, polo tanto, non é suficiente para controlar o risco, será necesario que o Comité de Xestión avalíe todos os datos obtidos ao respecto e **reaxuste o plan de continxencia** por medio de notificación das medidas ou a adopción duns novas, segundo corresponda.

O seguimento do plan de continxencia está baseado en mecanismos de **mellora continua e adecuación no tempo**.

GLOSARIO

No documento utilízase múltiple terminoloxía técnica relacionada principalmente co ámbito urbanístico, pero tamén noutros como o sanitario ou o tecnolóxico. Por iso, considérase conveniente incluír un glosario terminolóxico.

Capacidade

Número máximo autorizado de persoas que pode admitir un recinto ou espazo.

Coronavirus – SARS-CoV-2

Virus moi contaxioso, detectado por primeira vez en decembro de 2019 na provincia chinesa de Wuhan e que provocou a doenza da COVID-19.

COVID-19

Segundo o Ministerio de Sanidade, a COVID-19 é unha doenza producida polo coronavirus SARS-CoV-2.

Os síntomas máis comúns que provoca esta doenza son: febre +37,5 °C), tose seca, cansazo, falta de olfacto e falta de aire. Entre os síntomas tamén se poden incluír: cansazo, pingas no nariz, dor de gorxa, dor de cabeza, diarrea, vómitos ou perda do sentido do gusto e do olfacto nalgunhas persoas.

A principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 é por medio de secrecións respiratorias e o contacto de proximidade entre persoas.

A transmisión de SARS-CoV-2 por vía aérea (hai estudos que indican que ten unha taxa de supervivencia de 12 horas), quer por medio da transferencia directa de pingas respiratorias ou pola xeración de fómites (obxectos carente de vida capaces de transmitir patóxenos), pode ser máis importante do que se consideraba. Os humanos producen aerosóis de continuo, por medio da respiración normal, o que aumenta durante as doenzas respiratorias, e mesmo durante unha respiración profundo, esbirros, tuse ou canto. Unha fracción dos aerosóis xerados naturalmente encóntrase dentro da distribución de tamaños empregada nos estudos experimentais (<5 µm), o que leva á conclusión de que as persoas infectadas con SARS-CoV-2 teñen a capacidade de producir bioaerosóis virais que poden seguir sendo infecciosos durante longos períodos de tempo despois da produción a través do desprendemento e suspensión no aire.

Distanciamento social perante a COVID-19

Medida imposta polo Ministerio de Sanidade, que garante a diminución do risco de contaxio por transmisión con outros usuarios. No momento de redacción do plan estableceuse en metro e medio.

Xestión do risco perante a COVID-19

Actividades coordinadas para controlar e eliminar a infección das persoas polo virus SARS-CoV-2.

Pandemia

Epidemia global que afecta un área extensa. No caso do coronavirus trátase dunha epidemia mundial que afecta a un gran número de persoas. (Comparar con epidemia).

Risco de contaxio por SARS-CoV-2

Posibilidade de que unha persoa se infecte co virus SARS-CoV-2.

Unidade familiar

Grupo de persoas que convive na mesma residencia, polo que non é necesario que, fóra da convivencia, manteñan as medidas de distanciamento obrigatorias.